



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 2 de febreiro de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 2 DE FEBREIRO DE 2024.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións plenarias ordinaria número 16/23 do 22 de decembro e extraordinaria número 1/24 do 18 de xaneiro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de decembro de 2023 ata o 26 de xaneiro de 2024.
3. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Roberto Rodríguez Martínez.

Comisión de Deporte

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Hockey Clube Coruña Feminino para cofinanciar a participación na OK Liga feminina.

Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

5. Ratificación da primeira addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención de Defensa Contra os Incendios Forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES)

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

6. Aprobación do proxecto da obra DP 3108 Acceso a Almeiras. Mellora da seguridade vial e renovación de pavimentos. Rúa San Xiao (Culleredo) que se integra na 1ª Fase do Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 50036 de 28 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2024 publicado no BOP número 247 do 29 de decembro de 2023, na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

8. Aprobación da resolución das alegacións presentadas polo Concello de Dodro ás Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024



Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

9. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a novembro de 2023.

10. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a decembro de 2023.

11. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2023.

12. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Porto do Son.

13. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Outes (IVTM).

14. Aprobación definitiva do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2024.

15. Dación de conta das resolucións da presidencia número 41567/2023 e número 48945/2023, relativas a persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña.

16. Aprobación da proposta da Presidencia ao Pleno do 2 de febreiro de 2024 sobre cambio de data da sesión ordinaria do segundo mes de 2024.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

17. Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para o cofinanciamento da realización das actividades do proxecto "OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DO CONCELLO DE AMES", anualidade 2024.

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ampliación da estrada DP-0810 no lugar de San Paio-Guísamo

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, a fin de que se elaboren os correspondentes plans de estradas.

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á defensa da Sanidade Pública

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, en defensa da sanidade pública galega.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 2 de febreiro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 2 de febreiro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
--------------------------------	----

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos esta sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto da orde do día.



1.- Aprobación das actas das sesións plenarias ordinaria número 16/23 do 22 de decembro e extraordinaria número 1/24 do 18 de xaneiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións plenarias ordinaria número 16/23 do 22 de decembro e extraordinaria número 1/24 do 18 de xaneiro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de decembro de 2023 ata o 26 de xaneiro de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de decembro de 2023 ata o 26 de xaneiro de 2024.

3.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Roberto Rodríguez Martínez.

Sr. Presidente

Hai que votar primeiro a inclusión dun punto; votamos a inclusión. Si.

Sr. Ben Otero

Simplemente, me ha trasladado el compañero Roberto unas palabras para poder decir, no sé si podría decirlas ahora o al final do Pleno, como, si usted me lo permite.

Sr. Presidente

Votamos primeiro.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

INTERVENCIONES

Sr. Ben Otero

Simplemente voy a dar un poco lectura a una carilla que me ha trasladado Roberto, para que dé lectura aquí, una despedida.

Dice lo siguiente: "Simplemente a los efectos de trasladar unas palabras de agradecimiento, de mi compañero Roberto Rodríguez, que entregó el pasado 12 enero su acta como diputado provincial para incorporarse a la candidatura del Partido Popular al Parlamento de Galicia por esta provincia. Agradecimiento en primer lugar a todos y a cada uno de los funcionarios y trabajadores provinciales, a todos los diputados de las distintas fuerzas políticas con los que he tenido la oportunidad de compartir Pleno en esta etapa y a su presidente que, como ya conoce mi humor, entenderá que, pese a todo, lamente que haya sido el único presidente que he conocido a lo largo de estos años. Y, sobre todo, gracias al Grupo Provincial Popular, a sus asesores y a todos mis compañeros, de todos sin excepción he aprendido algo, y a nuestros portavoces. Ha sido un orgullo formar parte de esta institución, intentar, a veces desde el acuerdo y a veces desde la discrepancia, ayudar a construir una mejor provincia, objetivo al que espero seguir contribuyendo en mi nueva etapa. Un abrazo y todos los afectos posibles. Roberto Rodríguez".

Sr. Presidente

Simplemente tamén respostarlle que foi un pracer telo representando o Partido Popular aquí nesta Corporación. Unha persoa dialogante, construtiva e creo que un exemplo de deputado do que todos temos que aprender. E desexámoslle tamén no persoal todos os éxitos.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Roberto Rodríguez Martínez.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a dona Diana Piñeiro Fernández, primeira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de A Coruña nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña."



4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Hockey Clube Coruña Feminino para cofinanciar a participación na OK Liga feminina.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Hockey Clube Coruña Feminino, por importe de 15.000 €, para cofinanciar a participación na OK Liga feminina, cun orzamento subvencionado de 34.102,08 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Presidente da Comisión de Deporte, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de xaneiro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Clube Coruña Feminino polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a participación na OK Liga feminina.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Hockey Clube Coruña Feminino**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.



Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que o **Hockey Clube Coruña Feminino** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da modalidade de modalidade deportiva de hockey sobre partins así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Clube Coruña Feminino** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Hockey Clube Coruña Feminino** co NIF G72960834, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a **participación na OK Liga feminina.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Hockey Clube Coruña Feminino

O Hockey Clube Coruña Feminino desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Viaxes Liga (inclúe billetes avión/tren, aloxamentos e transportes)	10.000,00 €
Inscripcións/lizenzas federativas	6.894,00 €
Dereitos da arbitrase	1.260,00 €
Fichas deportivas	3.061,00 €
Roupa deportiva	3.500,00 €
Seguridade	302,50 €
Retransmisións deportivas	1.421,75 €
Seguros	2.862,83 €
Botiquín	1.300,00 €
Fisioterapeutas, consultas medicas	1.500,00 €
Merchandaising	2.000,00 €
Total	34.102,08 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 43,98559 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está



financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 43,98559% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Hockey Clube Coruña Feminino**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Hockey Clube Coruña Feminino**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Hockey Clube Coruña Feminino** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas , por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hockey Clube Coruña Feminino**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Hockey Clube Coruña Feminino** unha vez



que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Hockey Clube Coruña Feminino**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Hockey Clube Coruña Feminino** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Hockey Clube Coruña Feminino** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hockey Clube Coruña Feminino** da sanción que, de conformidade co



disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hockey Clube Coruña Feminino**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Hockey Clube Coruña Feminino** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Hockey Clube Coruña Feminino** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Hockey Clube Coruña Feminino** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consenjuiciamínto ante o disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Hockey Clube Coruña Feminino** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Hockey Clube Coruña Feminino** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de



colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Hockey Clube Coruña Feminino serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Hockey Clube Coruña Feminino** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Hockey Clube Coruña Feminino**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.



3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Ratificación da primeira addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención de Defensa Contra os Incendios Forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Ratificar a Primeira Addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais

2º.- O texto completo da Addenda asinada é o seguinte:

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E



PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (D.O.G. Núm. 113, de 15 de xuño de 2023) e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG. Núm. 94, do 16 de maio de 2022), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Con data 22 de decembro de 2022, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

SEGUNDO.- Con data 30 de decembro de 2022, tivo lugar a sinatura do devandito convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRO.- O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias da provincia da Coruña, a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais

CUARTO.- Nos apartados 2 e 3 da cláusula oitava do convenio referida a: “Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais” establécese o seguinte:

2. A contribución ao financiamento da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES e Servizos Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: sesenta e cinco mil seiscentos vinte e



cinco euros 65.625,00 € para o ano 2023 e sesenta e cinco mil seiscientos vinte e cinco euros 65.625,00 € para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 06.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento vinte e seis mil euros 126.000,00 € para o ano 2023 e cento vinte e seis mil euros 126.000,00€ para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141.A.461.1

3. A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES e servizos municipais, fíxase nun millón cento sete mil trescentos setenta e cinco euros con un céntimo (1.107.375,01 €) para o ano 2023 e un millón cento sete mil trescentos setenta e cinco euros con un céntimo (1.107.375,01 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

QUINTO.- Mediante esta addenda, preténdese realizar unha redistribución dos importes das partidas orzamentarias correspondentes ás Direccións Xerais de Emerxencias e Interior e de Defensa do Monte, sen que en ningún caso supoña unha modificación da contía total do convenio achegada pola Xunta de Galicia.

Esta redistribución , que se establece no seguinte cadro, ten por obxecto a adecuación do financiamento en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais do Servizo Municipal de Emerxencias de Noia ao establecido para o resto dos servizos municipais nos convenios de colaboración coas outras deputacións provinciais, de forma que a achega realizada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior se destine íntegramente ao financiamento dos gastos de persoal do Servizo Municipal de Emerxencias de Noia e a achega da Dirección Xeral de Defensa do Monte se dirixa exclusivamente aos gastos dos grupos de emerxencia supramunicipais en materia de extinción de incendios.

Dirección Xeral	Importe convenio por anualidade	Importe primeira addenda por anualidade	Diferenza
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	65.625,00 €	152.250,00 €	86.625,00 €
Dirección Xeral de Defensa do Monte	86.625,00 €	0,00 €	-86.625,00 €

Polo exposto , as partes acordan asinar esta addenda , que ten por obxecto modificar a cláusula oitava, puntos 2) e 3) e os Anexos II e XI do convenio asinado, consonte ás seguintes:



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Modificación do apartado 2) da cláusula oitava

Modifícase o apartado 2) da cláusula oitava do convenio “Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais”, que queda redactado como sigue:

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES e Servizos Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: cento cincuenta e dous mil douscentos cincuenta euros 152.250,00€ para o ano 2023 e cento cincuenta e dous mil douscentos cincuenta euros 152.250,00€ para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 06.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento vinte e seis mil euros 126.000,00€ para o ano 2023 e cento vinte e seis mil euros 126.000,00€ para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141.A.461.1.

SEGUNDA. Modificación do apartado 3) da cláusula oitava

Modifícase o apartado 3) da cláusula oitava do convenio “Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais”, que queda redactado como sigue:

3. A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES e servizos municipais, fíxase nun millón vinte mil setecentos cincuenta euros con un céntimo (1.020.750,01 €) para o ano 2023 e un millón vinte mil setecentos cincuenta euros con un céntimo (1.020.750,01 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo II

TERCEIRA. Modificación do Anexo II

O Anexo II, CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES, en concordancia co anterior, modifícase no reparto dos custos de financiamento correspondentes ao Servizo Municipal de Emerxencias de Noia, quedando como segue:



ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES CUSTO ANUAL GES E SMPG ANO 2023-2024

Zona	Sede/sub sede	Comp	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Santiago-Noia-A Barcala	Brión	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Ferrol-Eume	Mugardos	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Muros, Xallas e Noia	Muros	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Ortegal e Ferrol	Ortigueira	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
O Sar e Caldas	Padrón	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Bergantiños	Ponteceso	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Servizo municipal Noia	Noia	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	152.250,00 €	15.750,00 €	
Total			2.515.000,01 €	1.024.000,00 €	192.000,00 €	152.250,00 €	126.000,00 €	1.020.750,01 €

CUARTA. Modificación do Anexo XI

O Anexo XI, DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO, modifícase no reparto dos custos, quedando como segue:

ANEXO XI – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO 2023 e 2024

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPOS DE GASTO								
Gastos	DDPP	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural(en materia de extinción)	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	Total
Gastos de persoal SSMM	116.000,00 €	21.750,00 €	137.750,00 €		152.250,00 €		152.250,00 €	290.000,00 €
Gastos correntes en bens e servizos SSMM	12.000,00 €	2.250,00 €	14.150,00 €			15.750,00 €	15.750,00 €	30.000,00 €
Gastos de persoal GES	812.000,00 €	152.250,00 €	964.250,00 €	1.020.750,01 €			1.020.750,01 €	1.985.000,01 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	84.000,00 €	15.750,00 €	99.750,00 €			110.250,00 €	110.250,00 €	210.000,00 €
Totais	1.024.000,00 €	192.000,00 €	1.216.000,00 €	1.020.750,01 €	152.250,00 €	126.000,00 €	1.299.000,01 €	2.515.000,01 €

QUINTA. Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTA. Contido non modificado do convenio

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no convenio.



En proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data consignada nas sinaturas electrónicas. "

6.- Aprobación do proxecto da obra DP 3108 Acceso a Almeiras. Mellora da seguridade vial e renovación de pavimentos. Rúa San Xiao (Culleredo) que se integra na 1ª Fase do Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Proxecto DP 3108 ACCESO A ALMEIRAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS; RUA SAN XIAO (CULLEREDO) que se integra na 1ª Fase do Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 290.368,49 euros, con cargo á aplicación 2024/0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0001.0	DP 3108 ACCESO A ALMEIRAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS; RUA SAN XIAO (CULLEREDO)	CULLEREDO	290.368,49 €	4 Meses

2.- **EXPOÑER ao público** o Proxecto mediante **anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia** nun prazo de **DEZ DÍAS** a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- **REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local** para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de DEZ días sen que se emita ningún informe."

7.- Dación de conta da Resolución da Presidencia número 50036 de 28 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2024 publicado no BOP número 247 do 29 de decembro de 2023, na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.

Dar conta da Resolución da Presidencia número 50036 de 28 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2024 publicado no BOP número 247 do 29 de decembro de 2023, na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.



8.- Aprobación da resolución das alegacións presentadas polo Concello de Dodro ás Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros y compañeras, que antes me olvidé de comentarlo.

Simplemente queríamos hacer, explicar un poco el voto. Nos vamos a abstener en este punto y nos vamos a abstener, no porque consideremos que tenga razón el Concello de Dodro en las alegaciones que ha presentado, ni porque no estemos de acuerdo en los criterios de reparto que se establecen en la Diputación, y que han sido fruto del acuerdo de todos los grupos históricamente. Lo hacemos por un motivo, lo hacemos porque nosotros entendemos que sí es momento de que se abra cierto debate entre nosotros y también que busquemos o exploremos la fórmula de que, tanto en los convenios que tenemos con Universidades de A Coruña o de Santiago, que alguien nos pueda sugerir o hacer alguna aportación al respecto de qué criterios podemos seguir a la hora de hacer el reparto de los fondos en el plan de obras y servicios, porque entendemos que algo que no está mal –repito–, pero tampoco tenemos que descartar que pueda ser mejorable. Y a veces los árboles nos impiden ver el bosque, a lo mejor que venga una aportación desde fuera en una provincia tan diversa y plural en lo numérico y productivo, capacidades económicas de cada ayuntamiento, etc., ¿por qué no escuchar, por qué no debatir, por qué no sentarnos a hablar sobre este tema que no tiene por qué ser nada tabú? Repito, no estamos en contra del criterio de reparto de los fondos POS. No es que estemos a favor, pero sí creo que hay alguna cuestión que el Concello de Dodro plantea que merece que nos sentemos a hablar al respecto de ella, y simplemente esta abstención es una invitación al diálogo y a que haya gente, igual con más capacidades o una visión distinta de la política en la que estamos nosotros, que nos pueda hacer alguna propuesta que nos pueda permitir un diálogo sin más. Es el motivo de nuestra abstención.

Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, que regula o Plan Base e un Plan Adicional para gastos sociais extraordinarios, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2023, que foron sometidas a exposición pública por un prazo de dez días, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023 e que foi remitido para coñecemento e informe da Subdelegación do Goberno, da Comisión



Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, da Comisión Galega de Cooperación Local e da Xunta de Galicia, para os efectos de que durante o prazo de 10 días puideran presentarse alegacións ás Bases

Logo de ver as alegacións presentadas polo Concello de Dodro dentro do prazo de exposición pública ás Bases do POS+ 2024, que se refiren unicamente aos criterios de reparto aplicados, solicitando que se elimine a parroquia como criterio e que, ou ben se incrementen os outros criterios, ou ben se introduzan outros novos criterios obxectivos que teñan en conta as necesidades dos concellos respecto dos custos de obras e servizos

4. O Concello de Ames estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Ames, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **25 de marzo de 2024 e o 24 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.



3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación, seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá vixencia desde a data da súa sinatura e para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devindicados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2026**.



2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **28 de febreiro de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Ames, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Polo Concello de Ames

Asdo.

Asdo."

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS**

Sr. Presidente

Empezamos as mocións. Hai unha primeira moción presentada polo Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ampliación da estrada DP-810 no lugar de San Paio, Guísamo.



1.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ampliación da estrada DP-0810 no lugar de San Paio-Guísamo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de varios anos de trámites para a ampliación da estrada DP-0810 no lugar de San Paio-Guísamo, a día de hoxe e debido a erros administrativos, segue sen abordarse a citada ampliación.

Apúntase como causa principal a de non ter contado cun expediente valorado dunha expropiación previa e necesaria. Na actualidade a situación segue estancada por opoñerse o propietario á entrada na súa propiedade, o que non impide á Deputación tramitar o proxecto de expropiación, utilizando imaxes vía satélite dispoñibles en internet a través de diversas aplicacións nas que se poden observar os elementos afectados como solo, peche e arbustos.

É inadmisíble que ante o perigo persistente para peóns e automobilistas se manteña a situación actual, polo que se demanda que polos servizos técnicos e sin máis dilación, se aborden os proxectos e valoracións e se proceda á expropiación urxente e á contratación das obras.

Tendo esta situación en conta, e coa intención de que se poida solucionar, propónse ao Pleno da Deputación os seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Que se aborden os proxectos e valoracións e se proceda á expropiación urxente e á contratación das obras.

Sr. García Seoane

Ben, despois de varios anos de trámites para a ampliación da estrada 810, no lugar de San Paio, Guísamo, a día de hoxe, e debido a erros administrativos demostrados, segue sen abordarse a citada ampliación, non?, algo que é incompreensible. Apúntase como causa principal a de non ter contado cun expediente valorado dunha expropiación previa necesaria. Na actualidade, a situación segue estancada por opoñerse o propietario á entrada na súa propiedade, o que non impide á Deputación tramitar o proxecto de expropiación utilizando imaxes vía satélite dispoñibles en internet a través de diversas aplicacións nas que se poderán observar os elementos afectados, como son o peche e arbustos. É inadmisíble que ante o perigo existente e persistente para peóns e automobilistas se manteña na situación actual.

Polo que nós vimos demandar que os servizos técnicos e sen máis dilación aborden os proxectos e valoracións e se proceda á expropiación urxente e á contratación das obras. Non se pode dicir que, por non entrar no predio, non imos poder facer obra. Si, eu en Oleiros expropiei diversas propiedades para facer estradas, non me deixaban entrar nos predios e fíxose unha valoración, 1 metro ou 2 metros dentro do muro e con fotografías aéreas, que aquí comento, e pódese levar adiante. Aí por riba non hai nada de nada, hai unha muralla miserable, non hai ningunha muralla histórica, ladrillo, anacos de azulexos e pedras que non pertencen a ningún muro histórico, pero é unha situación onde o propietario, un coñecido extremista de dereitas, que reformou o pazo e fixo o que lle deu a gana no pazo, sen contar con Patrimonio da Xunta de Galicia, sen contar para



nada, e resulta que é o que está poñendo a proa nestes aspectos. Vai aos tribunais e lamentablemente danlle a razón, pero danlle a razón non porque el a teña senón por erros, como dixer, administrativos. Por tanto, propónse que se leve adiante a valoración desa expropiación, hai medios para facelo, como digo, e se proceda á expropiación urxente e, por tanto, á contratación das obras.

Estamos falando dunha estrada, así como pode haber moitas por Galicia e, en concreto, na provincia da Coruña, estamos falando dunha estrada que xa houbo mortos, que hai accidentes cada tempo entre coches que se rozan, solo pode pasar un coche por esa estrada e os peóns xogan a vida a diario. Por tanto, esta é a proposta que fago.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente, grazas e bo día a todas e a todos, ao funcionariado que nos acompaña, tamén a quen segue esta sesión plenaria. Sabe perfectamente, porque o acaba de dicir o propoñente da moción, que este Goberno, esta Deputación, pelexou nos tribunais para poder facer esta obra, para poder amañar esta estrada e, como ben se comentaba, é un auténtico problema de seguridade viaria. É necesario resolver este problema tan grave, pero tamén é certo que atopamos diversos problemas polo camiño, problemas xudiciais e desde resolucións incomprensíbeis, como a de non deixar entrar os propios servizos da Deputación para poder medir o terreo que se quere expropiar, ata problemas, evidentemente do ámbito patrimonial, como xa se comentaba. A nós gustaríanos poder ir da man de Patrimonio para poder facer unha medición exacta e xusta que non dea lugar despois a problemas posteriores e, por suposto, atopámonos co problema da propiedade, que foi alegando cuestións a respecto do patrimonio sen pés nin cabeza, como é a cuestión do muro. Agora son as árbores o problema, o que se pretende vender como unha cuestión patrimonial a protexer e que non o é, segundo nos din os propios servizos da Deputación, e o que queremos é resolver este problema, non? Poidamos ou non ir de camiño de Patrimonio da Xunta de Galiza, desde logo esta Deputación, este Goberno, está comprometido con solucionar este problema e imos poñer todos os medios tecnolóxicos que hai hoxe en día ao noso alcance para intentar achegarnos o máximo posíbel a unha medición xusta do terreo que se quere expropiar que non dea lugar, como digo, a problemas posteriores e unhas medicións que non son menores, que non é unha cuestión menor, porque son precisas esas medicións, son necesarias para poder facer o proxecto de expropiación. Está todo encamiñado, o compromiso deste Goberno e desta Deputación é absoluto coa resolución deste problema. O compromiso está aí, está todo encamiñado e esperemos que o antes posíbel poidamos resolver este grave problema de seguridade viaria que xa se comentou que ten costado ata vidas e, polo tanto, o noso compromiso é absoluto.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente; moi bo día a todos e a todas. E, dando lectura a esta moción, a cal xa anunciamos que imos votar a favor, si, se me permitides, facer manifesto que dende logo isto non quedou nun saco roto, senón este Goberno provincial leva traballando neste asunto, e ademais moi preocupados, como manifestaba agora a compañeira.

E teño que comunicar que hai procesos xudiciais ata casación, que chegamos aquí neste proceso. É certo, e non compartimos que, desgraciadamente, e iso nos ampara, o proceso de expropiación para poder levar a cabo esta medición, pero neste caso pois temos procesos xudiciais que veñen dende novembro do 21 no cal nos denegan ese acceso. E, como sabedes, este proxecto encargouse desde esta Deputación, hai un estudo técnico no cal ten estes labores para redactar, ten encargado



estes labores para redactar este proxecto, e xa estaba moi encamiñado, fáltnos esa única parcela no cal nos atopamos que temos un ben protexido o cal, pois o titular deste predio é certo que argumenta e outras moitas cousas que nos imposibilitan e que sabemos que non son certas pero si ocorren. Entón, a propia Deputación mire o interese que si ten que chegamos ata casación, aínda que non foi estimado, e da man deste estudo técnico e do equipo técnico da propia casa pois estamos agora mesmo traballando e continuando para buscar a solución. Esta mesma semana estivemos o equipo técnico e eu mesma coñecendo, vendo a pé de campo esta situación, imos proceder a unha medición inmediata desde o exterior, que non é o desexado, pero polo menos para poder camiñar e esperemos que neste caso a Xunta de Galicia e Patrimonio vexan viabilidade nese proxecto, que ao mellor non vai con esa medición tan exacta que sabemos que se precisa. Se iso non fora estimado, pois teremos que ver no ámbito xurídico a onde imos.

Temos clarísimo que non imos deixar iso. Somos conscientes este Goberno da preocupación neste punto e, polo tanto, o noso compromiso de seguir traballando e de ver tanto no ámbito xurídico, como no técnico, de poder avanzar, rematar este proxecto e poder licitar esa obra e poder sacar ese punto negro que loxicamente nesta estrada provincial tanto nos preocupa. Dende logo o noso compromiso en traballar arreo para poder levar a cabo á maior brevidade. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Nosotros vamos a votar a favor de esta moción, obviamente. Es una cuestión de seguridad, es una cuestión de que todos coincidimos en que hay que buscar una solución, la más contundente posible, pero dentro de la legalidad. No cabe duda, es una limitación ahí, bueno, hay un enrocamiento por parte..., pero a ver si entre todos somos capaces de buscar una solución, porque es de justicia solucionar este tema para que no haya más problemas, que ya ha habido demasiados en esta zona. Nada más y gracias.

Sr. García Seoane

Presidente, permíteme, un inciso só. Eu dicía que fixen cousas destas en Oleiros sen entrar nos predios e unha vez tiven un problema porque despois o proxecto fíxose e o proxecto abarcaba máis do que se mediu. Que teñamos coidado neste aspecto, que o que expropiemos, o proxecto que vaia en consonancia co solo expropiado, porque despois nos poden paralizar se hai 30 centímetros, 10 centímetros, que son moi hábiles estas persoas nesas cousas, e hai que ter moito coidado. Se acaso haberá que expropiar un pouquiño máis para, cando digan “vou facer a zapata”... Estes días eu teño un preito, caeu un muro e queren que o faga o concello; vaino facer o particular, que era del. Pero din: pero para facer o muro necesito meterme no terreo municipal; era certo, e nos ímoslle deixar que se meta no terreo municipal. Aquí digo que, como nós non temos o terreo provincial, non o temos para facer obra que, cando fagamos o proxecto, se axuste estritamente ao que se expropiou, para evitar novos preitos en contra.

Sr. Presidente

É evidente que esta actuación, que xa é unha vella cuestión neste Pleno é unha actuación que non é un capricho contra ninguén, evidentemente, é unha cuestión de necesidade. Pensar que aí non hai nin 3 anos morreu un ciclista por falta de visibilidade acreditada e informada así por Tráfico, e non facer nada non vai, loxicamente, dentro das nosas obrigas; a nosa obriga é intentar resolver e arranxar esa situación. É unha especie de conxura contra o interese xeral e, polo tanto, eu creo que é desas cuestións, probablemente é a cuestión que agora mesmo na Deputación ao longo de xa 9 anos case



de goberno te formulas a impotencia ante unha situación de emerxencia de seguridade viaria nun punto concreto negro, e que todo o mundo estamos de acordo, e que en cambio non sabemos que ocorre para que nin sequera a autoridade xudicial che deixe medir para expropiar. É dicir, vaise expropiar, como dis, Gelo, o estritamente imprescindible. Oxalá non fixera falta expropiar, non temos nada contra o propietario, a quen non coñecemos de nada, nin temos nada contra esas árbores, nin contra o muro, evidentemente. Respectaremos o que diga Patrimonio, pero en calquera caso por riba dunha especie de árbore, sexa o que sexa, sexa o que sexa, aínda que sexa a árbore de Sabino Arana, estará a vida das persoas. Supoño que non nos volveremos tan loucos como sociedade ata ese punto.

Imos votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ampliación da estrada DP-0810 no lugar de San Paio-Guísamo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de varios anos de trámites para a ampliación da estrada DP-0810 no lugar de San Paio-Guísamo, a día de hoxe e debido a erros administrativos, segue sen abordarse a citada ampliación.

Apúntase como causa principal a de non ter contado cun expediente valorado dunha expropiación previa e necesaria. Na actualidade a situación segue estancada por opoñerse o propietario á entrada na súa propiedade, o que non impide á Deputación tramitar o proxecto de expropiación, utilizando imaxes vía satélite dispoñibles en internet a través de diversas aplicacións nas que se poden observar os elementos afectados como solo, peche e arbustos.

É inadmisíbel que ante o perigo persistente para peóns e automobilistas se manteña a situación actual, polo que se demanda que polos servizos técnicos e sin máis dilación, se aborden os proxectos e valoracións e se proceda á expropiación urxente e á contratación das obras.

Tendo esta situación en conta, e coa intención de que se poida solucionar, propónse ao Pleno da Deputación os seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Que se aborden os proxectos e valoracións e se proceda á expropiación urxente e á contratación das obras."



Sr. Presidente

Seguinte moción, que presenta o Grupo Popular, a fin de que se elaboren os correspondentes plans de estradas.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, a fin de que se elaboren os correspondientes plans de estradas.

No exercicio das súas competencias propias, esta Deputación provincial orzamenta, ademais do Plan de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS), catro -supostos- Plans Provinciais que teñen en común favorecer a mobilidade rodada ou peonil dun modo seguro e sostible. Trátase do Plan de Vías provincias -dotado con pouco máis de dous millóns de euros-, do Plan de Conservación -cunha consignación de máis de doce millóns e medio de euros-, do Plan de estradas a transferir -dotado con arredor dun millón trescentos mil euros- e do Plan de Sendas Peonís (dotado con apenas un millón oitocentos mil euros).

A decisión de acometer unhas ou outras actuacións, entre tantas necesidades posibles, non responde a ningún criterio obxectivo nin, por suposto, a ningún criterio transparente, isto é, na execución destes plans, o goberno provincial non se sitúa nos parámetros do principio de "boa administración", principio que esixe atender ao interés xeral e obrar consonte a criterios de imparcialidad e racionalidade.

Sen entrar agora no debate de se esas decisións deben caer máis preto da discrecionalidade técnica que da discrecionalidade política, o que é indiscutible e que as mesmas esixen una motivación en relación a outras alternativas posibles, e indubidablemente a esa motivación contribuiría contar, en primer lugar, cun diagnóstico ou estudo de necesidades de investimentos, mantementos ou transferencias de vías.

Así mesmo, e en orde a excluír ou diminuír o risco de arbitrariedade na selección das actuacións, resulta necesaria a elaboración e debate e aprobación plenaria de plans previos, unha necesidade que podería artellarse a partir da constitución dunha comisión especial mixta (integrada por membros electos da Corporación e técnicos da mesma), tal e como xa propuso este Grupo hai tres anos. Hai que lembrar que estes plans resultan de obrigada aprobación polo Pleno e que, como lembran literal e reiteradamente os informes elaborados polos servizos xurídicos desta Institución, "non abonda coa denominación de plan para que un documento adquira esa natureza". Isto e, os supostos Plans de Vías, Plan de Conservación, Pla de estradas a transferir e Plan de Sendas non son plans. "É preciso", continúan a dicir os informes, " abordar o tema desde una perspectiva de conxunto partindo da situación actual e ordenando os obxectivos a acadar polo plan de tal maneira que permitan garantir os principios que se recollen no artigo 31.2 da LRBRL". Por razón de economía gramatical, remitímonos aos referidos e esclarecedores informes.

E por todo iso que o Grupo Popular somete ao Pleno da Deputación Provincial o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación insta aos correspondentes órganos de goberno a elaborar e a someter á consideración do propio Pleno unha proposta de planes de transferencia, conservación e investimento en estradas e sendas de titularidade provincial que asegure a obxectividade, a transparencia e outros principios de boa Administración.



Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente. En muchas ocasiones nos preguntamos el porqué de determinadas actuaciones de la Diputación entre tantas demandas o necesidades conocidas en la provincia. Es algo que nos preguntamos los diputados provinciales del PP y es algo que se preguntan los alcaldes en general y concejales y probablemente muchos vecinos, incluso alcaldes de otros partidos que no sean el Partido Popular. Nos preguntamos cuál es el criterio para acometer directamente o apoyar económicamente determinadas actuaciones. No solo sucede con la actividad de fomento, esto es, con las subvenciones de concesión directa. Sucede también en la ejecución de los supuestos planes de vías provinciales, de conservación de carreteras a transferir o de sendas peatonales, cuya consignación presupuestaria ronda inicialmente los 18 millones de euros.

Señor presidente, hay un criterio que no es admisible, y es precisamente la falta de criterio. La mera voluntad impulsiva o graciable, en definitiva, la arbitrariedad política. A partir de ahí se puede discutir si hay algún margen para la discrecionalidad política o para discrecionalidad técnica, pero en todo caso ha de haber una motivación, motivación en relación a otras alternativas posibles, y a esa motivación contribuiría, en primer lugar, un diagnóstico o estudio de las necesidades de inversiones, mantenimientos o transferencias de vías. Y el diagnóstico ha de conducir necesariamente a una planificación, una planificación elemental, planificación de objetivos, de actuaciones, de recursos de trámites, de tiempos, etc., y hoy por hoy no existe esa planificación, o por lo menos nosotros no la conocemos.

Hablan ustedes de planes, de planes de vías provinciales, de conservación, de carreteras transferidas o de sendas peatonales, pero ese sustantivo plan/planes no es más que una retórica hueca sin contenido. Por lo menos no tenemos nosotros conocimiento del mismo. Así las cosas, y a fin de encauzar a la Diputación, o más concretamente, a su Gobierno provincial por la vía del denominado principio de buena administración, a fin de que la Diputación atienda al interés general, equilibre las desigualdades de la provincia y obre conforme a criterios de imparcialidad y racionalidad, instamos al Gobierno provincial a someter a la consideración del Pleno una propuesta de planes de transferencia, conservación e inversión de carreteras, así como una propuesta de plan de sendas, unos planes que podían trabajarse en una comisión especial, una comisión mixta integrada por técnicos de la misma. Unos planes que asegurarían la objetividad, la equidad, la transparencia y otros principios de buena administración, y este mandato político se formula sin olvidar la exigibilidad legal de los planes de carreteras.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Veira González

Moitas grazas, señor presidente. Pois a verdade é que en materia de equidade, o Partido Popular non sei se é a mellor organización política para falar diso, non?, do partido que realiza convocatorias de subvencións a concellos por orde estrita de chegada, non sei se podemos facerlle moito caso en materia de equidade ou pode dar moito exemplo. Ou do partido que saca subvencións non en concorrencia competitiva, precisamente a medios de comunicación en plena precampaña electoral, non? En definitiva, non son vostedes quen poden falar máis sobre equidade e distribución xusta dos fondos públicos. Pero, de todas as maneiras, van vostedes por detrás da realidade porque o certo é que este Goberno da Deputación está ultimando un plan estratéxico de estradas, xa se lles deu conta dese plan estratéxico, xa se falou dese plan estratéxico na Comisión de Vías e Obras, lévase traballando desde outubro nese plan, estase ultimando



e en vindeiras datas plenarias vaise traer ao propio Pleno da Deputación.

Polo tanto, non son vostedes os máis adecuados para falar dun reparto xusto de fondos, xa non me vou meter no que foi o seu goberno na Deputación, que non foi efectivamente o mellor exemplo dunha distribución equitativa dos recursos desta Deputación. E, en definitiva, o que imos facer con esta moción é votar en contra, primeiro porque non admitimos ningunha lección do Partido Popular a respecto, xa digo, desa distribución xusta dos fondos públicos, pero sobre todo porque é un plan estratéxico que xa está en elaboración, porque vostedes instan literalmente na súa moción os correspondentes órganos de goberno a elaborar e someter á consideración do propio Pleno esta proposta de plan, e iso xa está en marcha, polo tanto, non cabe o voto favorábel.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día.

A verdade é que están vostedes irrecoñecibles nos últimos tempos, eh! Dos creadores do pleno extraordinario para falar dunha carta informativa cando eu remito cartas publicitarias mentindo utilizando a Administración, pois agora traen esta moción que... Eu subliñei unha parte que me encantou da moción, que é: “As decisións de acometer unhas ou outras actuacións entre tantas necesidades posibles non responde a ningún criterio obxectivo nin, por suposto, a ningún criterio transparente; isto é, na execución destes plans o Goberno provincial non se sitúa nos parámetros do principio de boa administración, principio que exige atender ao interese xeral e obrar consonte os criterios de imparcialidade e racionalidade”.

“Le dijo la sartén al cazo”. Hai que ter valor, eh! Vir contalo aquí, que hai un montón de alcaldes e alcaldesas que padecemos dende hai 15 anos, 15 anos, nin 15 días nin 15 meses, 15 anos, o sistema de reparto de fondos públicos do Partido Popular. Comentabamos no último Pleno esa axuda que saíu por “orden de chegada”, como comentaba agora a voceira do BNG, que sempre caen do mesmo lado, son sempre vostedes campións ata en chegar antes que os demais ao reparto de subvencións por “orden de chegada”, que todos sabemos como funciona, non hai que ser moi listo. Eu chamo o meu alcalde antes de que saia esa convocatoria, que teña preparada toda a documentación, incluídas autorizacións sectoriais, informes, e, polo tanto, vai chegar de primeiro. É verdade que na última van un paso máis alá e a documentación que había que cubrir, un deses documentos estaba mal o ano, poñía 2023. Xa lles dixen que xogo o salario de todo un ano a que todos os concellos do PP que a presentaron, presentaron o modelo de 2024, seguro. Pero se levamos anos padecendo o reparto de fondos.

Gustaríame saber cal é o plan estratéxico de estradas que ten a Xunta de Galicia, porque eu as últimas que coñezo, das que vin, das que vin pasando co meu coche, eran en Mugardos, Oza-Cesuras, Cabana... Pódolle poñer máis exemplos, todas elas gobernadas polo Partido Popular. Non sei, aquí hai máis alcaldes, non, Gelo, caeuche algunha?, non tiveches sorte, eu tampouco. Ti, Mónica? Tampouco, non? Que casualidade! Tamén é mala sorte a nosa.

Mire vostede que dentro deses criterios obxectivos que utiliza a Xunta de Galicia para investir nas súas estradas pois se coñece que as estradas que temos en Oleiros, en Pontedeume, en Vimianzo e noutros moitos concellos non deben de cumprir eses criterios obxectivos. Claro é que igual o criterio obxectivo como non o fan público será



que se es do PP dancha, e, se non, non, e claro iso é obxectivo, porque, claro, tes que ser do PP para que cha dean; se non, quedas excluído. Hai que ter cara, eh! Hai que ter cara!

E despois do Goberno do señor Diego Calvo, onde o investimento en estradas, o setenta e pico por cento do investimento estaba en concellos do Partido Popular, que non eran o setenta e pico por cento dos concellos da provincia. Tamén hai que ter valor, eh! Entendo que hai necesidades en estradas en todos os concellos da provincia? Efectivamente, claro que os hai. Nos do PP, nos doutros partidos políticos, loxicamente. A Deputación non pode acometer todas as súas necesidades dunha soa tacada, como non o fai a Xunta de Galicia, nin o fan os alcaldes e alcaldesas que están aquí sentados, que non creo que teñan todos vostedes os camiños e as vías dos seus municipios en perfecto estado. É máis, atreveríame a dicir que aquí non hai ningún alcalde, ningún, de ningún signo político, que teña un plan estratéxico de estradas no seu concello, onde os veciños e a oposición poidan coñecer qué criterio se utiliza para amañar os camiños e as estradas que son de titularidade municipal. Non creo que haxa ningún aquí. Eu non o teño, xa son honesto, pero desa bancada case me podo asegurar que tampouco.

Entón, está ben, a min paréceme ben que vostedes propoñan isto. De feito, mira se nos parece ben que xa o estamos a facer. E previsiblemente, nos seguintes meses virá a aprobación plenaria. O que si xa lles adianto é que no mesmo pleno, é un compromiso que adquirimos aquí publicamente, no mesmo pleno no que se aprobe ese plan estratéxico, imos traer unha moción igualiña que a súa soamente cambiando Deputación por Xunta, e imos ver se vostedes votan o mesmo, se lle van exixir á Xunta que aplique estes criterios tan bondadosos que nos poñen vostedes sobre a mesa con esta moción porque, claro, se non, parece que habería un pouquiño de hipocrisía ao respecto. Loxicamente, a nós non nos van enganar, porque todos sabemos o que hai e padecémolo; eses convenios nominativos que asina a Xunta de Galicia. Eu en nove anos de alcalde non tiven a sorte, pois tampouco estarei dentro deses criterios obxectivos. Vemos como hai concellos nos que se gastan 4 millóns de euros nun auditorio, do Partido Popular, e ao do lado, que é do PSOE, lle negan 500.000 euros para unha depuradora. E despois, con sorte, con moita sorte, nalgúns dos casos dos que lles toca a pedrea, o que lle propoñen é un investimento a tres partes: pídesllo á Deputación, que pon un terzo, ti pos outro terzo e outro terzo pono a Xunta. Que casualidade! Cando goberna o Partido Popular nunca hai esa proposta.

Hai que ter valor, Evaristo, hai que ter valor! Eu entendo que estamos en precampaña electoral e, home, algo hai que facer para facer que se fai pero, ben, que o fagan vostedes, que o fagan vostedes...

En todo caso, podemos poñer o exemplo se quere do Plan Move da Xunta, que era o último plan que tivo a Xunta estratéxico de estradas, que caducou, non sei canto hai que caducou, dixeron que ían facer un novo e aínda estamos esperando. Pero é que o peor non é que caducara e non fixeran o novo, e que o que había está sen executar, ou sexa, morreu antes de poder andar, o pobre. Que casualidade, que pena!

E despois, é verdade, o grao de execución dos orzamentos da Xunta en estradas tamén é o que é, porque, por exemplo, temos a VAC da costa norte, que leva aparecendo desde o principio dos tempos, é case como os doce mandamentos, pero nunca se executa; ou temos esa rolda leste do Concello de Lugo, que aparece todos os anos nos orzamentos da Xunta e nunca chega. Isto é como cando estudabamos historia no colexio que sempre acababas na Primeira República, nunca chegabas ao franquismo, pois isto é igual, sempre temos a mala sorte de que nesa execución marabillosa dos orzamentos que fai a Xunta de Galicia sempre quedan sen executar as partidas que caen do lado que



non lle interesa á Xunta de Galicia do Partido Popular. Triste realidade, non?

Pero, ben, paréceme bastante máis triste vir aquí dicir algunha das cuestións que din vostedes nesta moción, sobre todo, xa digo, a que máis me gustou esa de “o interese xeral de obrar consonte a criterios de imparcialidade e racionalidade”; é que esa encántame, sinceramente no quepo en mí de gozo, hai tempo que non vía unha cousa tan bonita do Partido Popular, mágoa que non a vaian vostedes a cumprir e que non a apliquen alí onde gobernan, porque dende logo sería moito mellor para todos e para todas. Eu convídoos a vostedes a que me digan que criterios obxectivos, cantos recursos reparte a Xunta con criterios obxectivos. Ata o fondo de cooperación é unha miseria e, ademais de ser miserento, resulta que, cando tiñamos que quitar nós os niños de velutina, e o pagaban os concellos, di a Xunta: “non, non, a partir de agora asúmeos a Xunta”, e que fan?, quítannos os cartos do fondo de cooperación, por tanto, pagámoslos nós igual. Isto é como quitarche os cartos da conta do banco en vez do peto, pero ao final estalo pagando ti. Outro exemplo máis de como distribúen vostedes os recursos públicos.

É máis, voulle dar outro exemplo, na Xunta de Galicia, no Parlamento de Galicia mellor dito, preguntouse varias veces por parte dos grupos da oposición en sede parlamentaria onde se investían os fondos que a Xunta reservaba para estradas autonómicas nos seus orzamentos, con que criterio e en que cantidades. E sabe vostede cal foi a resposta?: non houbo resposta. A día de hoxe seguimos sen saber, manda truco!, que chames os compañeiros do Parlamento e non o saiban. Esa consellería da señora Ethel Vázquez en que concellos inviste a partida que ten para estradas; non creo que sexa tan difícil, nós aquí na Deputación sabémolo, seguramente a vostedes non lles guste, pero polo menos sabémolo, e vostedes teñen esa información. E, se a preguntan, aquí dámoslles. No Parlamento de Galicia nin sequera nola dan, non temos coñecemento nin onde se gasta, nin cando se gasta. Sabes cando o sabemos?, cando imos co coche por aí, como me pasou a min, e podo ver que en Mugardos fai un estrada a Xunta de Galicia cunhas beirarrúas, que se fai en Curtis, que se fai en Oza-Cesuras, que se fai en Cabana de Bergantiños, e todos caen do mesmo lado sempre, do Partido Popular, parece que os veciños dos concellos onde non goberna o Partido Popular temos que andar polas corredeiras e polas cunetas. Porque non nos castigan a nós, non están castigando a Gelo, nin a Bernardo, nin a Mónica, nin a Rioboó. Castigan vostedes eses veciños e veciñas que cos seus impostos, cos cartos que saen do seu peto a Xunta de Galicia non reinveste onde ten que reinvestilos, reinvésteos no mesmo lado. E iso seiño eu e sábeno todos vostedes que están aí en fronte, por iso teñen ese sorriso picarón e cómplice co que estou dicindo porque saben todos e todas que é verdade. Entón, o día que vostedes veñan aquí apoiar as mocións que imos traer a partir de agora onde imos pedir, xa non lle digo que imos traer nada novidoso, nada que lles chame a atención nin que lles vaia sorprender, imos traer todas as veces que vostedes traian unha solicitando á Deputación, ímoslles traer outra solicitando á Xunta, a ver se vostedes, alcaldes e alcaldesas, deputados e deputadas, e concelleiros e concelleiras do Partido Popular, son tan solidarios cos demais como somos os demais con vostedes, porque dende logo sería moi interesante podelo ver, xa sei que non vai pasar. Refírome, a miña capacidade agora mesmo xa de ilusión con vostedes está reducida á mínima expresión. Polo tanto, ben, déixoo quedar aquí no ar porque algo hai que dicir, pero non teño ningunha dúbida de que van votar en contra. Pero, ben, está ben que se retraten para ver esa responsabilidade da que presumen e da que tampouco fan gala. Unha cousa parecida a ese reparto de fondos con criterios xustos e obxectivos que todos e todas sabemos cales son.

Nada máis, moitas grazas.



Sr. Ben Otero

¿Qué será de usted, señor Fernández, cuando se apruebe el reglamento con limitación de los tiempos? Tengo ganas de verle porque entre el asunto que usted quiere tratar y a donde nos quiere llevar divagando hay mucha distancia, ¿no? En todo caso, me alegro de que tenga asumido, oiga yo no lo tengo tan claro, vamos a trabajar y esforzarnos para transformar en realidad lo que usted ha venido a decir ahora, que seguirá trayendo propuestas desde la oposición en la Xunta de Galicia a partir del próximo pleno. Yo en eso coincido, es en lo único que coincido con usted de lo que ha dicho hasta ahora.

Doña Avia, sinceramente, si usted votara con nosotros, querría decir dos cosas: o que se ha equivocado de voto o que nos hemos equivocado en la propuesta, porque es muy difícil coincidir con usted y con ustedes en general.

Mire usted, lo que pedimos nosotros aquí hoy no es una petición de este grupo, que también lo es, es una petición a raíz de los informes de los servicios técnicos de esta casa. Muy difícilmente podemos llamar plan de vías o plan de sendas a algo que no conocemos. Un plan requiere una planificación, como su propio nombre indica, una intención de solucionar, primero conocimiento de los problemas que tenemos y necesidades que hay en esta provincia, que yo entiendo que sí lo hay, o por lo menos debería haberlo con el tiempo que llevan. Segundo, ¿dónde tenemos intención de actuar? En la vía a, b, c, d, e, f..., que luego el tiempo nos dirá si somos capaces de ejecutar todas esas obras o no, pero por lo menos indica que tenemos el conocimiento, que sabemos qué vías vertebran la provincia, cuáles necesitan de más seguridad vial, etc., o qué sendas se requieren para evitar lamentables incidentes que ocurren a veces en nuestras carreteras, que por desgracia es así.

También somos conscientes de que las necesidades son mucho más grandes que las posibilidades que tiene esta casa, que son muchas. Lo único que pretendemos aquí es que nos digan ustedes “conocemos los problemas que hay y vamos actuar en estos sitios”, y luego ya veremos hasta dónde se ha llegado en la ejecución, pero se niegan a hacerlo. Tenemos un plan de sendas de este año y se trae a esta comisión en el primer pleno del año una senda en un municipio que gobierna el Partido Socialista, como si lo gobernara el Partido Popular. No me vale, el plan de sendas requiere plan, planificación, conocimiento, criterio e información y transparencia de dónde se va a actuar. Llevamos años pidiéndolo, es una petición lógica, oiga. No quieren hacerlo?, no pasa nada. Van a traer una propuesta en adelante, bueno, tráiganla, nosotros estaremos atentos, tenemos ya un informe de los últimos 7 años, qué sendas se han hecho, en qué carreteras se ha actuado, y actuaremos y hablaremos a su debido tiempo de en qué carreteras se actúa, con qué criterios se actúa o no se actúa siendo perentoria la necesidad que hay de actuación en las mismas.

En todo caso, señor Fernández, ojalá tenga razón en su pronóstico respecto a lo que va a pasar en febrero y, nada más, lo veremos en el siguiente pleno ordinario. Gracias.

Sr. García Seoane

Non tiña pensado intervir no tema, pero véxome obrigado. Cando se fala de criterios obxectivos, eu en Oleiros levaba uns oito anos reclamando unha senda importantísima na estrada que vai desde Perillo a Oleiros, en concreto desde Montrove. Un tramo xa estaba feito ata Montrove polo Concello de Oleiros, unha estrada da Xunta de Galicia, e desde Lamastelle ata o colexio Cristo Rey, que son dúas estradas distintas,



fixose unha obra moi importante de dotar de carril bici e de beirarrúa ese tramo, e fíxose con criterios obxectivos. Saben cales foron? Eu reclamei durante oitos anos e non se fixo. Viñeron vivir para Lamastelle, ao lado de Lamastelle, na urbanización Montrove, dous altos cargos do Partido Popular, un provincial e outro en Madrid, compraron unha casa e no momento en que compraron a casa apróbase facer esta senda, criterios obxectivos. Levar as nenas desde ese colexio andando ata o colexio Cristo Rey. Ese é o tema.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Primeiro, eu non son partidario de limitar os tempos, xa o saben vostedes. Por 600 e pico euros que cobramos cada un dos que estamos aquí creo que a xente merece que poidamos debater o tempo que sexa necesario. Eu se necesito máis tempo para expoñelo, pois paréceme ben facelo. Vostede non, porque habitualmente poucos argumentos trae.

Despois unha cuestión que é verdade, non hai como botar un bo cebo no anzol para que o peixe pique, non? E é curioso, si, e algúns incluso nin sequera interrompemos cando os demais falan, nin soltamos exabruptos. Gustaríame que, se adquirimos ese compromiso, que eu non comparto, de limitar os tempos, tamén adquiramos igual o compromiso de mostrarse aquí cun pouquiño máis de respecto ás veces nos plenos, non interromper, non berrar, ese tipo de cousas, verdade?, que serían tamén moi importantes, porque non só é falar moito, ás veces é cuestión de falar ben, xa non tanto de falar moito, non?

Pero dicía que non hai como ter un bo engado para que pique o peixe, que eu son de porto de mar e de familia mariñeira, e fíxese vostede como o seu subconsciente o traizoou, que é un subconsciente que é bastante habitual no Partido Popular: eu díxenlle presentar unha moción instando a Xunta, non citei o PP. E vostede xa deu por feito que dicía que era o PP e que lle íamos pedir ao PP e por tanto dá por feito que o PP ía seguir na Xunta a partir do vindeiro 18, e non é así. Sabe cal é o problema do seu subconsciente?, que vostede pensa, e por iso o manifesta aquí, que vostedes son a Xunta, e que a Xunta é o PP, e que o PP e a Xunta son o mesmo, porque é o que fan sempre, apropiarse das administracións. Por iso entendeu cando eu dixen que íamos instar a Xunta de Galicia, e que esperabamos contar co seu voto a favor, que está dicindo a Xunta do señor Rueda. Non, porque a Xunta non é do señor Rueda, é de todos os galegos e as galegas, e a partir do 18 nós traeremos esta moción goberne quen goberne, porque eu non estou exercendo aquí de comisario político dun partido político, como fai vostede e como fan vostedes habitualmente; eu aquí exerzo de representante dunha provincia e dun concello e dun partido xudicial e, polo tanto, goberne quen goberne na Xunta vou traer unha proposta instando a facer algo que considero que é xusto. Do mesmo modo que levamos traído ao longo desta lexislatura moitas propostas instando o Goberno de España, gobernado primeiro polo seu partido de Mariano Rajoy, onde vostedes non votaban a favor, e agora Pedro Sánchez, do que vostedes si votan a favor. Polo tanto, compararse comigo e con nós nese punto penso que ten vostede un problema bastante importante, que xa quedou de manifesto incluso no último Pleno, con aquela carta onde diciamos Deputación da Coruña, non como as súas, que van asinadas por Alfonso Rueda; non como esa cantidade de atropelos que nas últimas dúas semanas lles fixo retirar a Xunta Electoral a vostedes, que son condenados constantemente por todas esas medidas que anuncian incumprindo a lei electoral. Por que?, porque queda de manifesto iso que vostede acaba de deixar claro no seu subconsciente, que é que se cren que a Xunta é súa. Polo tanto, non poña na miña boca cousas que non digo, porque eu non dixen en ningún momento que lle íamos pedir á Xunta do PP.



E despois di vostede, unha vez máis, claro e espero que se cumpra –esa falsidade, esa manipulación que dixo que eu dixen– e que o día 18 vostedes sigan facendo propostas dende na oposición. Eu non dixen iso, facémolas aquí nesta Administración desde o Goberno, desde o mesmo Goberno que vostede o último pleno das eleccións municipais facíanos a mesma premonición; que desgraza!, non é vostede moi bo, a verdade, como futurólogo. Se ten que gañar a vida diso, gañaría incluso menos que de político, que tampouco é ningunha marabilla vendo o papelón dos últimos plenos. Pero nese caso en concreto si que é verdade que vostede dicía nese último pleno que a partir do mes de maio habería aquí un presidente do Partido Popular. Ben, pois volveulle fallar, igual é porque non dixo ano, tamén é certo, volveulle conceder o beneficio da dúbida, igual se refería vostede ao ano 2037, 2055 ou sabe Deus, cando xa esteamos criando malvas por aquí.

Polo tanto, neste caso dicir como acaba de dicir vostede que “Información y transparencia, que es una posición lógica”, benvidos á lóxica, señor Ben. É unha mágoa que esa lóxica non a apliquen vostedes alí onde gobernan; e eu non divaguei nada, eu o que dixen foi argumentos para poñer de manifesto como gobernan vostedes e como ven la paja en el ojo ajeno, y ya no es que vean la viga, é que non ven vostedes un ferrado de monte no seu propio ollo. Esa é a diferenza entre uns e outros. E cando vostede veña aquí apoiar propostas como a súa, reclamándolle a unha Administración gobernada polo Partido Popular, para min vostede terá un pouquiño máis de credibilidade e será mellor político do que é agora e moito mellor que futurólogo, como acabo de dicir. Pero, mentres non o faga, pois que quere que lle diga, queda aquí en evidencia ante todos os demais, que sabemos o que hai, e sabemos como xestionan vostedes a Xunta de Galicia, como reparten os fondos; e o que non sabemos é en que concellos fan vostedes as obras nas estradas autonómicas, máis alá que os que podemos ver cando pasamos no noso coche. Esa información non a facilitan no Parlamento; convido a vostede a que chame a señora Ethel Vázquez e lle faga a mesma proposta ou, se non, xa que estamos en plan tan todo solidario, propóñolle a vostede facer unha emenda á súa moción de adición e incluímos un seguinte punto que diga: exixirlle á Xunta de Galicia que aplique o mesmo criterio que nesta moción se solicita pola Deputación Provincial da Coruña; e un terceiro punto onde diga: solicitar á señora Ethel Vázquez que facilite nos medios de comunicación, porque no Parlamento xa non hai sesións, en que concellos se investiron os recursos destinados na partida dos orzamentos da Xunta para a mellora de estradas autonómicas. Se vostede acepta estas dúas propostas de adición, eu vótolle a favor da súa moción.

Nada máis, moitas grazas. Xa sei que non as vai aceptar, non fai falta que me conteste.

Sr. Ben Otero

Es que no iba a intervenir, pero bueno esto es... En primer lugar, señor García Seoane, yo no voy a entrar en debates con usted porque sería muy sencillo hacer algún comentario. Es que lo que ha dicho usted es una sandez tan rotunda que no merece ni explicación. Sí, hombre, sí; es una sandez y una memez que, siento hablar en estos términos, pero es que no merece otro comentario. Entonces esto lo dice usted como bueno... la *boutade* que le se ocurre, otro día dice cualquier otra cosa, ya está. No merece ni comentario. O sea, se ha hecho una senda en Oleiros porque han ido a vivir dos personas allí. Esto es una auténtica sandez que no merece ni comentario, en consecuencia...

Señor Fernández, usted nos quiere despistar, sí, nos quiere despistar. Lo que tiene que hacer usted, yo creo que el Partido Socialista ha perdido un magnífico parlamentario con usted, en el Parlamento de Galicia, y hay cuestiones que tienen que



ustedes trasladar en el Parlamento de Galicia. Si tanto les gusta nuestra moción, presentan ustedes una PNL en el Parlamento de Galicia; preséntenla allí, que sean los diputados elegidos soberanamente por el pueblo de Galicia los que voten a favor de esa moción. Aquí estamos hablando de la Diputación, de sus competencias y de sus responsabilidades, no traslade usted; no, yo le hablo de churras y usted de merinas. Oiga, esto no va así, es decir, hablemos de lo que nos afecta aquí, de cuáles son sus competencias, las competencias del señor presidente y sus competencias, y los informes preceptivos que hacen los habilitados de esta casa, que nos están diciendo por dónde tenemos que ir legalmente. Oiga, hagámosles algo de caso, por favor. Simplemente, es lo único que trasladamos hoy aquí, no es otra cuestión. Y usted habla de la Xunta, y de las subvenciones, si el orden de no sé qué. Esto es un mantra que tiene usted; tienen el comodín este, sacan estos tres comodines, los aplican en cada momento traigamos lo que traigamos. Voten ustedes lo que quieran y nosotros insistiremos en que esto tiene que ser así, tiene que ser así porque legalmente debería ser así. Y porque la transparencia no le hace mal a nadie. Y usted me habla de la Xunta, de la Xunta. Vayan ustedes al Parlamento; de verdad que ha perdido el Partido Socialista un magnífico portavoz de la oposición a partir del 18 de mayo, que lo haría usted magníficamente bien, estoy convencido. Pero es que yo vengo a hablar aquí de la Diputación, que es donde estamos y los que nos pagan.

Respecto al tiempo, yo no tengo ninguna prisa, lo que pasa es que, en vez de traer dos mociones y hablar 50 minutos, dos sobre la moción y 48 sobre no sé qué, pues traeríamos 8, 9, 10 mociones, yo no tengo ningún problema, y limitemos el tiempo de cada una de ellas, porque al final... y centremos el debate, por Dios.

Nada más, gracias.

Sr. García Seoane

Antes non dei nomes e agora vou dar nomes. Volvo dicir que botei 8 anos reclamando nunha estrada provincial cun tráfico intenso e inmenso que une o núcleo de Montrove con Oleiros e O Carballo e non se fixo, e no momento preciso, no ano que se compra por dous deputados do PP, un que foi presidente da Deputación, e outra persoa que vivía con el e que están nunha casa que teñen 3 nenos e nenas, para ir ao colexio Cristo Rey faise a senda desde a casa, desde o inicio da urbanización ata o colexio Cristo Rey. E iso non é ningunha sandez, iso é unha verdade como a copa dun pino. Fíxose por interese de soltar los niños en la puerta de la casa y que vayan seguros por un vial hasta la entrada del colegio Cristo Rey. Iso está aí e non o pode desmontar ninguén: Diego Calvo e Tristana Moraleja.

Sr. Ben Otero

Esto es una pena que no lo dijeras el otro día en Risto Meijide, cuando tuviste que ir allí y pedir disculpas por hacer el ridículo y decir las barbaridades que dices días tras días en los plenos en tu Ayuntamiento donde actúas como si fueras el califa y el jefe, que da vergüenza ajena verte actuar así allí y aquí, tolerándotelo el presidente. Eres una auténtica vergüenza y una indignidad como político a la hora de expresarte. Y lo que has hecho hoy aquí es una indignidad más de las tuyas, porque el mismo cabreo que te dice que vayan a subasta no sé quién de tu familia, que te has vuelto loco allí, eso lo piensa todo el mundo en Oleiros, no lo dicen, porque tienen pánico a lo que diga el amiguete de turno, el jefe, el comandante, el comandante. Anda, hombre, anda.



Sr. Presidente

Volvendo, á cuestión, simplemente unha pequena anotación. A maiores do que dicía Bernardo, en Galicia e segundo o regulamento xeral de estradas hai a obriga de ter un plan director de estradas. E non se trata de diferir competencias ou de diferir obrigas de cada unha das administracións, o certo é que están todas entrelazadas. Hai enorme cantidade de interconexións viarias que estamos pendentes de aclarar coa Xunta de Galicia, sobre todo as vías que son interprovinciais e que unen provincias e que aínda están pendentes de que aclaremos quen debe exercer o seu mantemento e se ten unha lóxica transferilas a unha Administración ou a outra. Pero cando un entra na páxina web da Xunta de Galicia e busca Plan director de estradas de Galicia, aínda que ten a obriga dende o ano 2016 de ter un plan director expresamente recollido no regulamento, o que di a páxina web da Xunta de Galicia dende o ano 2016 é: a Xunta de Galicia está actualmente redactando o seu plan director de estradas de Galicia. Claro, non é doado, evidentemente; van 8 anos, non é doado e non quero dicir que puidera facelo en 4, pero o certo é que están interrelacionados. Nós podemos facer un plan de estradas, pero é que ten que ter relación cun plan director de estradas de Galicia, evidentemente. E, polo tanto, cando a Xunta de Galicia teña o plan director de estradas e completado, nosoutros o plan director de estradas da Xunta de Galicia será un documento de referencia para nós e de influencia enorme no plan de estradas que teñamos que ter na Deputación. Non se nos pode pedir a nós que teñamos un documento que nin quen ten a competencia nas principais vías de Galicia ten e, polo tanto, independentemente de que o diga un habilitado ou non o diga, o certo é que non hai plan director de estradas de Galicia, a pesar de que a lexislación sectorial o exige. Polo tanto, cando haxa ese plan director nós temos un borrador que está á espera de completarse en certa medida tamén a que saia para que sexa un documento de verdade fidedigna con contido o plan director de estradas de Galicia. Imos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

Sr. Presidente

Hai dúas mocións relacionadas coa sanidade pública; unha que presentan os grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG e outra que presenta o Partido Popular, aínda que son evidentemente distintas, se vos parece unificamos o debate, se estades de acordo, e empezamos coa primeira da mocións.

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á defensa da Sanidade Pública

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen



recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Por todo o exposto os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñemos ao Pleno da Corporación Provincial o apoio explicito á Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela e a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS)
2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
3. Instar á Xunta de Galicia á apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
4. Instar á Xunta de Galicia á reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
5. Instar á Xunta de Galicia á implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
6. Instar á Xunta de Galicia a que garanta a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
7. Instar á Xunta de Galicia a reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas.
8. Instar á Xunta de Galicia a elaborar de forma consensuada un Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.
9. Instar á Xunta de Galicia a eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.
10. Instar á Xunta de Galicia a que realice concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.



11. Instar á Xunta de Galicia a restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e de orzamento propio; restituíndo as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.

12. Instar á Xunta de Galicia a reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, en defensa da sanidade pública galega.

A situación que está a atravesar a atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema estatal de déficit de especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar que fai case imposible conseguir cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Coñecíamos dende fai anos que esta difícil situación ía a chegar, por iso xa en abril do 2018, as comunidades autónomas xunto co goberno do Estado aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ó goberno do PSOE en xuño de 2018, postergando o pactado no Consello Interterritorial e empeorando a situación da atención primaria cada ano que pasaba.

Foron 4 anos de inacción ata que en 2022 o Ministerio presentou ó Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado "Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035", no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas non Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O devandito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como "a especialidade con peores prognósticos de déficit". Identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Neste tempo nada se fixo por parte do Goberno Central máis que deixar correr o reloxo, todas as medidas que se levaron a cabo foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, sendo quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do goberno.

Exemplo disto foi o aumento constante de prazas MIR que se deu en distintas comunidades, como Galicia, que leva anos cubrindo o 100% das prazas acreditadas e solicitando a acreditación de máis ata chegar ás 207 ofertadas na última convocatoria.

De feito, nos últimos 15 anos Galicia duplicou a súa oferta de prazas desta especialidade (desde as 88 de 2009 ata as 207) fronte a un incremento en toda España dun 30% (de 1.904 en 2009 a 2.492 este ano).

Pero o sistema non dá máis de si. A rixidez dos criterios para crear novas prazas obrigou ao goberno galego a crear máis prazas de residentes nos poucos centros que xa podían



formalos (arredor de 100 dos máis de 400 que ten Galicia) en lugar de incorporar residentes a outros centros aos que non se permite formar por criterios tan arbitrarios como ter 4 médicos en lugar de 3.

Ata tal punto chegou a situación, que País Vasco e Galicia tomaron a iniciativa e elaboraron un manifesto onde reclaman ó Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse máis comunidades autónomas, como Cataluña, Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Comunidades gobernadas, por partidos de distinto signo pero que son conscientes de que o verdadeiro problema que afronta a atención primaria non entende de cores políticas.

O contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución durante o Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022. Esa resolución obtivo o respaldo maioritario do Congreso, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos tamén de diferente signo.

Porén, nos Consellos Interterritoriais posteriores a esta votación non se ten expresado por parte do Goberno de España intención de dar cumprimento a este acordo.

De feito, pechouse unha nova convocatoria MIR sen cambios no modelo de asignación de prazas e sen a flexibilización previa de acreditación das unidades docentes, polo que a ampliación de prazas concedida resultou insuficiente. Galicia defendeu que a orde contemplase unha posible ampliación posterior das prazas no caso de que esa mudanza dos requisitos se consumase e se puideran acreditar máis prazas, pero non consta que o Goberno aceptase tampouco esa petición.

Así, na convocatoria MIR para 2024 hai preto de 14.000 admitidos polo Ministerio para una convocatoria de 8.772 prazas de médico residente. Máis de 5.000 médicos titulados quedarán sen formación especializada.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados non podan optar a unha praza de formación sanitaria especializada cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

As medidas do manifesto elevado por Galicia e País Vasco en 2022 seguen de máxima vixencia e por iso están recollendo cada vez máis adhesións, sendo as máis recentes os dos gobernos autonómicos de Comunidade Valenciana, Aragón, Baleares ou Extremadura.

Por outra banda, a escaseza xeneralizada de persoal está a ter tamén un impacto directo na sanidade xestionada polo Goberno central: a dos centros penitenciarios. Nunha recente resposta parlamentaria, o Goberno de España recoñecía que ten vacantes o 70% das prazas médicas nos cárceres de Galicia. E a única resposta que está a dar o Goberno de Sánchez a esta situación está a ser a contratación de servizos privados de asistencia sanitaria para os reclusos, nun claro caso de desmantelamento e privatización dun servizo sanitario público.

Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a poboación, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O pleno da Deputación de A Coruña:



1. Acorda o seu apoio ás medidas incluídas no Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
2. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.
3. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.
4. Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España"

Sra. Veira González

Ben, moitas grazas, señor presidente. O que propoñemos con esta moción desde o BNG e o PSdeG-PSOE é: Instar a Xunta de Galiza a incrementar o orzamento sanitario, especialmente na atención primaria, achegando o 25 % do total que indica a Organización Mundial da Saúde; Instar a Xunta de Galiza a incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría e incorporar aos equipos sanitarios novas categorías profesionais. Instar a Xunta de Galiza a abrir os centros de saúde pechados e crear novos onde sexa necesario coa dotación suficiente para realizaren o seu labor. Instar a Xunta de Galiza a reintegrar o servizo de ambulancias ao sistema público e aumentar a dotación destas. Instar a Xunta de Galiza a implementar un plan urxente para racionalizar as listaxes de agarda hospitalarias poñendo a pleno rendemento os centros sanitarios públicos. Instar a Xunta de Galiza a que garanta a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no sistema para a autonomía e atención á dependencia. Instar a Xunta de Galiza a reintegrar ao sistema público dos servizos privatizados e recuperar o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o sistema público e ampliar o número de camas. Instar a Xunta de Galiza a elaborar de forma consensuada un plan de saúde mental que dote o sistema sanitario público galego de recursos e persoal axeitado. Instar a Xunta de Galiza a eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sergas e implementar unha política xusta e incentivadora. Instar a Xunta de Galiza a realizar concursos públicos, transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sergas e erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo. Instar a Xunta de Galiza a restablecer as xerencias de atención primaria e dotalas de capacidade resolutiva e de orzamento propio, restituíndo as áreas sanitarias e os recortes nos hospitais comarcais. E, por último, instar a Xunta de Galiza a reorientar o sistema ao modelo comunitario participativo para garantir unha atención integral.

E por que pedimos isto? Porque as políticas do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza nos últimos 15 anos teñen hoxe como resultado: primeiro, 2.139 millóns de euros menos en atención primaria desde 2009; até 15 días para ver o médico de cabeceira; 215.000 persoas no noso país agardan por unha primeira consulta hospitalaria; 250.000 agardan por unha proba diagnóstica; 40.000 agardan por unha intervención cirúrxica; 9.080 persoas agardan por unha primeira consulta en saúde mental, cando as primeiras consultas en saúde mental xa se piden cando a situación é



ben complicada; 11.000 nenos e nenas galegos non teñen pediatra e 6 de cada 10 concellos non teñen servizo de pediatría.

Pero xa sei que van dicir aquí, xa sei, xa os estou escoitando na miña cabeza, que falamos contra a sanidade pública, que a queremos desprestixiar, que vostedes invisten moitísimos cartos na sanidade, moito máis que o bipartito, todo moitísimo mellor, que a xente valora moitísimo máis a sanidade pública galega. Claro que a valoramos ben, porque temos uns grandísimos e unhas grandísimas profesionais traballando no Sergas, pero non pola súa xestión, que é polo que non preguntan. Porque en realidade unha das grandes preocupacións das galegas e dos galegos é a sanidade e é tamén o seu Goberno, así que tan ben non irá.

Pero é que vostedes ou viven nunha realidade paralela no que ten a ver coa sanidade ou menten –que tamén é outra posibilidade–, ou non son usuarios da sanidade pública porque, miren, as nais e pais deste país nestes 15 anos vimos como non se cubrían as prazas de pediatría durante anos, ou vimos como non se cubrían as baixas de profesionais de pediatría e tivemos que levar os nosos fillos enfermos e con febre dun centro de saúde a outro cando o mínimo é ter pediatra no centro de saúde. As que acompañamos nestes últimos anos a familiares nos hospitais públicos galegos vimos perfectamente como as auxiliares de enfermaría estaban absolutamente desbordadas, por exemplo, por poñer un exemplo, por falta de efectivos nos hospitais, por suposto. As que tivemos que pedir cita nos centros de atención primaria puidemos comprobar como nestes 15 anos foron aumentando os días de agarda para poder ter cita en atención primaria co médico de cabeceira. Xa non lles digo nada das derivacións á privada ou de como desaparecen os doentes cando din que non queren ser operados nun hospital privado e queren ser operados nun hospital público. Tamén van negar aquí, supoño, que na área sanitaria da Coruña-Cee agora mesmo hai un xinecólogo que atende no centro de orientación familiar de Orillamar, cando en 2009 había tres xinecólogos nos centros de orientación familiar que atendían esa área sanitaria. Serán quen de negalo, por suposto, xa os estou escoitando. Tamén van negar que cada verán se pechan centos e centos de camas nos hospitais públicos galegos. Ou tamén van negar, por suposto, ou cambiarlle de nome á saturación totalmente imprevisíbel ano tras ano das urxencias por causa da gripe; porque, claro, quen vai supoñer, quen vai pensar que no inverno haxa picos de gripe, unha saturación á que agora o conselleiro de Sanidade lle chama “sobrecarga dos hospitais”. Non, é unha saturación e ten causas moi claras, e as causas son unha política absolutamente privatizadora e de recortes por parte do Partido Popular na nosa sanidade pública.

Desde o BNG defendemos a sanidade pública. Queremos que sexa forte, queremos que estea conformada por profesionais que teñan salarios dignos e condicións laborais estábeis, porque así é como se dá unha boa atención, cunha carteira de servizos ampliada, porque hoxe en día estamos pelexando pola pura supervivencia do sistema que temos actualmente, pero temos que ser ambiciosas e temos que ser ambiciosas para ampliar esa carteira de servizos e atender a realidade actual das galegas e dos galegos e das necesidades de saúde pública que temos no noso país.

Temos que reverter tamén todos os recortes que levamos vividos no Sergas nestes últimos 15 anos, por iso é que asinamos esta moción. Esta moción que non parte do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego, parte dunha plataforma que agrupa, si –non lles gusta escoitalo porque non lles gusta a contra, non lles gusta a pluralidade, non lles gusta que haxa sociedade civil organizada–, na plataforma SOS Sanidade Pública. Eles propóñennos esta moción, nós asinámola porque nós cremos na sanidade pública e en que a xente ten dereito a unha sanidade pública, independentemente dos recursos que teña; se ten cartos ou non para pagar un xinecólogo privado, se ten cartos ou non para



pagar un psicólogo privado, se ten cartos ou non para manter a súa boca sa. Hoxe en día, hoxe en día moitos galegos e moitas galegas dependen dos seus recursos económicos para ter acceso a moitos servizos que tiñan que ter e que tiñan que estar ofrecendo o Servizo Galego de Saúde.

E nós imos votar a favor da moción que presentamos, pero imos votar en contra da súa, porque a súa é unha reacción á nosa moción, é a reacción do Partido Popular que vimos experimentando nestes 15 anos: en vez de asumir as súas propias competencias, o que fan é culpar alguén. Poden culpar os doentes porque non van as citas, como están facendo ultimamente; poden culpar o Goberno central porque segundo vostedes non sacan suficientes prazas MIR. Miren, o outro día saíu nun medio de comunicación radiofónico unha persoa dun sindicato, que non é a CIG, outro sindicato, vale?, que asinou coa Consellaría de Sanidade un acordo para a mellora da situación laboral dos médicos, que dixo que o Goberno galego non sacaba todas as prazas MIR, que non convocaba todas as prazas e que, no caso de que o Goberno central aumentase o número de prazas MIR que podería convocar a Xunta de Galiza, sabe que di?, que non hai suficientes médicos no Sergas hoxe en día para facer os labores de docencia que hai que facer cos médicos MIR. Vostedes culpan o Goberno central de competencias que ten a Xunta de Galiza. Ten competencias, as competencias absolutas en xestión da sanidade pública galega e a realidade é que o resultado desa xestión é unha absoluta privatización do sistema público.

Pero non se preocupen, nós instámoslos a que neste tempo de desconto que lles queda fagan algo, non temos moita esperanza, pero consideramos que é urxente que se actúe e, desde logo, o que temos claro é que a partir do 18 de febreiro quen imos actuar somos outros.

Nada máis.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, compañeiros e compañeiras desta Corporación, señoras e señores, bo día.

Vou presentar a moción que trae o Grupo do Partido Popular sobre a atención primaria. Se non teñen inconveniente, como dixo o señor presidente que as iamos debater xuntas, intentarei responder antes algunhas das cuestións que se formulan na moción presentada polo PSOE e BNG, e a continuación enlazarei xa co punto principal da moción do Partido Popular, co fin tamén de abreviar un pouco o tempo e non ter que volver logo a responder outra vez á moción que agora se acaba de presentar.

E dígolle de entrada á señora Veira que, efectivamente, polo menos eu, son usuario da sanidade pública. Teño dúas nenas pequenas, dous e catro anos, tamén usuarias da sanidade pública, todos máis do que nos gustaría e sobre todo nestes últimos tempos. Vivo en Mazaricos e teñen que ir ao pediatra, ou á pediatra neste caso, con bastante frecuencia.

Pois ben, de entrada cando lín a moción que traen a este Pleno sorprendeume bastante o carácter que ten a propia moción. Ao meu modo de ver, unha moción así presentada é case, diría, non quero faltar ao respecto, pero case un insulto á intelixencia. Esta moción é un panfleto ou non chega case a nivel de panfleto. Está feita basicamente en base a lemas de pancarta cun mínimo rigor e nun asunto que é para todos moi importante.



Do Bloque xa non nos sorprende, porque forma parte da súa dinámica. Agora confirmamos que tamén o Partido Socialista está desbocado. E o que nos parece claro é que, se algo está na súa última fase do desmantelamento, penso que non é a sanidade pública galega. E precisamente polo desmantelamento da sanidade pública galega quero comezar, porque levan xa máis de 20 anos dicindo o mesmo, especialmente o BNG. Pois, miren, e vexo que coñece os datos, acábo de dicir e sorprende que non os teñen moi en conta, porque verdadeiramente os datos din claramente o contrario do que vostedes unha e outra vez preconizan. Abonda ver o barómetro sanitario do CIS do ano 2022. Supoño que todos o coñecen, aínda que vexo que lle fan pouco caso. Nese barómetro constátase que a cidadanía galega é a segunda de todas as comunidades autónomas nas que máis xente considera que a sanidade funciona ben ou moi ben, o 66 % da poboación, cando a media española está no 57 %. Pola contra, a porcentaxe de galegos que responde que funciona mal é a máis baixa de España. En canto á satisfacción co sistema sanitario público, a de Galicia é a cuarta nota máis alta do Estado. E en todos os servizos, en todos, a porcentaxe é superior a cando gobernaba o seu bipartito. Por algo será.

A conclusión é clara: España ten un dos mellores sistemas de saúde pública do mundo, penso que moita xente está de acordo niso, e Galicia está entre os mellores sistemas de funcionamento dentro de España. Por tanto, penso que iso son datos por todos coñecidos, por moito que lles pese, ou por moitas razóns que sigan inventando para falar do seu desmantelamento.

Tanto é así que nos últimos anos, coa presidencia de Alfonso Rueda, aínda tivemos varios avances ben claros e moi importantes. Por exemplo, Galicia conta a día de hoxe co calendario de inmunizacións máis completo do mundo, que se di pronto: pasamos dun orzamento de 15,9 millóns de euros en vacinación a 40 millóns para o ano 2024. Conseguiuse estender a toda Galicia o programa de cribado de cancro de cérvix, cando na maioría de comunidades aínda está comezando. Ampliouse o cribado de cancro de mama, aumentando en 100.000 mulleres a poboación diana e dotando os hospitais de novos servizos e de novos mamógrafos dixitais. E, por último, Galicia ten o sistema de cribado neonatal máis completo de España.

Todo isto, xunto con outras medidas, que enseguida direi, polo menos algunhas delas, débese ao enorme esforzo que se leva facendo desde o Goberno da Xunta desde hai anos e que tamén queda patente nos orzamentos deste ano, dos que se destinan a sanidade máis de 5.000 millóns de euros, máis do 40 % do total. Estamos falando dun incremento de máis de 1.400 millóns de euros con respecto a 2009, un aumento do 38,7 % desde o bipartito. Sen dúbida hai límites e hai cousas que mellorar, pero, como todos sabemos, os recursos son limitados, as necesidades sempre son ilimitadas e temos que racionalizar e distribuír os recursos do mellor xeito posible, do xeito máis equitativo posible. Pero quen diga que a sanidade galega está sendo desmantelada, ou non coñece a realidade ou simplemente está mentindo, que neste caso paréceme que é o máis probable, especialmente por razóns electorais.

Como non me quero estender máis do debido, vou centrar a miña resposta á súa moción nalgúns dos puntos que considero máis relevantes. Non en todos, que nos levaría moito tempo, pero penso que ademais o resultado ou a valoración sería moi positiva, por exemplo, se falamos de hospitais e falamos de ambulancias. Si hai unha cuestión que acaba de mencionar a señora Veira, que ten que ver coa referente á privatización sanitaria, que é un mantra que sempre repiten e que tamén aparece nesta moción. O certo é que, mentres BNG e PSOE falan de privatización sanitaria, os datos din o contrario, e nós o que temos que ter en conta son os datos; e no seu último informe sobre a conta xeral do Sergas o Consello de Contas cuantifica o gasto do Sergas en concertos coa privada nun 4,6 % do seu gasto total. No ano 2008 superaba o 6 %. De feito, nesta



lexislatura, o Partido Popular levou ao Parlamento unha resolución pedindo non volver a chegar a ese 6 % do gasto sanitario destinado aos concertos coa privada; o PP votou a favor, pero lamentablemente BNG e PSOE votaron en contra.

Quen si privatiza a sanidade é o Goberno central do Partido Socialista co apoio do BNG, no único ámbito no que pode facelo, que é nas prisións. Podémolo ver en Galicia, por exemplo, na prisión da Lama, porque é incapaz de cubrir as vacantes de persoal médico público e, ante este problema, a solución foi privatizar. Por tanto, está moi ben que defendan a sanidade pública cando están na oposición, sería desexable que a defenderan tamén cando lles toca gobernar.

Outra cuestión que tamén aparece na súa moción é a referente ao número de profesionais da sanidade e das condicións laborais do persoal do sistema público de saúde; somos conscientes de que sempre queda claro que tanto PSOE como BNG nunca van admitir ningún dato proporcionado pola Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, pero hai un do que dificilmente poderán dubidar: nas eleccións sindicais celebradas non hai moito no Sergas certificouse que o censo electoral incluía 43.000 empregados, preto dun 10 % de traballadores máis que nas eleccións do ano 2019, ou 10.000 máis que no ano 2007. Polo tanto, eu preguntolles: están mentindo UXT, Comisións Obreiras e CIG? Ou, polo contrario, din a verdade, e entón é certo, como sostén o Goberno da Xunta, que houbo un reforzo moi importante de persoal nestes últimos anos? A realidade é que nunca antes houbo tantos profesionais contratados, máis de 43.000, un 20 % máis que a finais do 2018, cando había 36.000, de 6.000 profesionais máis cada día traballando na sanidade pública respecto a cando gobernaba a esquerda.

Tamén cos datos na man hai que dicir que, lonxe de empeorar as condicións laborais dos sanitarios, como tamén repiten, estas non fixeron máis que mellorar nos últimos anos e podémolo ver en varias medidas. A primeira: a Xunta apostou pola estabilidade dos seus profesionais sanitarios, aprobou en 2012 ofertas públicas de emprego cun total de 13.710 prazas fixas. Cando en 2021 entrou en vigor a exigencia europea de estabilizar todas as prazas que levasen máis de 3 anos cubertas por persoal interino, Galicia só tivo que convocar de xeito extraordinario 2.568 prazas, moi lonxe doutras comunidades con menos poboación, como o País Vasco, Asturias ou Galicia, que arrastraban maior nivel de interinidade. Outra mostra desta aposta pola estabilidade é que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en legislar para poder ofertar mediante concurso de méritos as prazas sanitarias de difícil cobertura, que ademais garanten a praza en propiedade, convocando xa 529 prazas por este sistema. En xullo do 2022, o Sergas acadou un acordo unánime coas organizacións sindicais para mellorar as condicións de profesionais de atención primaria, con varias medidas que agora non necesito enumerar. En outubro do 2022 asinouse un acordo unánime cos sindicatos tamén da mesa sectorial de sanidade para estender a todo o persoal temporal do Sergas o complemento de carreira profesional. En 2023 este complemento estendeuse tamén ao persoal residente do último ano. En marzo do 2023 acordouse coas organizacións sindicais a oferta de contratos estables de 3 anos de duración para exercer a atención primaria ao persoal residente que remata a súa formación, tanto no caso de medicina familiar e comunitaria, como na especialidade de pediatría. E, finalmente, en abril de 2023 acordouse, de novo de xeito unánime na mesa sectorial, medidas que recollían melloras para todo o persoal do Sergas. Por exemplo, a actualización do prezo das gardas, incluíndo os MIR; implantación dun complemento de turnicidade na atención primaria para quendas de tarde e deslizantes, ou redución progresiva de 112 horas anuais na xornada laboral.

Polo tanto, foi unha lexislatura de acordos e melloras para todos os colectivos profesionais e froito do diálogo constante e sostible e sensible ás demandas do persoal



sanitario sobre as súas condicións laborais. En conxunto, o impacto de todas as melloras retributivas acordadas desde a saída da pandemia supón á Xunta uns 78 millóns de euros ao ano, aos que hai que engadir o custo relacionado co incremento de prazas ou coa redución da xornada.

Outra cuestión que tamén formulan é a que ten que ver coa saúde mental, un problema, ademais, que se viu agravado, como todo o mundo sabe, coa pandemia, que o visibilizou dunha maneira aínda máis clara. Pois ben, Galicia, o Goberno da Xunta Galicia demostrou o seu compromiso coa saúde mental facendo Galicia referente neste tema: foi das primeiras comunidades en definir unha folla de ruta, que é o Plan de saúde mental de Galicia Post Covid 19 2020-2024, dotado con 83 millóns de euros; e xa se está pensando no novo Plan de saúde mental para Galicia. Este plan supuxo a creación durante esta lexislatura de 241 novas prazas de persoal de saúde mental, aumentando en 10,3 millóns de euros o investimento anual do Sergas neste persoal. Nos orzamentos do 2024 rematouse coa creación destas prazas, que supuxeron a capacidade, por exemplo, de ter persoal para poñer en marcha novas unidades de saúde mental ambulatorias para adultos, como en Tui, Ordes, Oleiros, Pontearreas; crear en todas as áreas sanitarias, hospitais de día, da saúde mental, infantoxuvenil, duplicar a capacidade de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil con ingreso, crear unidades de prevención intensiva do suicidio en todas as áreas sanitarias con persoal de psicoloxía, psiquiatría, etc., etc. Por último, como dicía, xa está previsto elaborar un novo plan de saúde mental de Galicia.

A seguinte cuestión é a das listas de espera, algo no que tamén conviña ter polo menos un mínimo de rigor no manexo dos datos. Como dicía, nós tamén imos, aínda que sexamos do Popular, tamén imos ao médico, e eu con máis frecuencia da que me gustaría. E hai que poñer en valor que o 73 % dos médicos de familia atenden en menos de 4 días e o 56 % fano en menos de 2 días, dato que non inclúe a atención que se presta nas urxencias, onde sempre se gardan ocos baleiros cada día. Se contáramos isto, o dato sería mellor. En canto á atención cirúrxica, os datos do Ministerio de Sanidade de xuño de 2023 amosan que Galicia é a segunda comunidade autónoma con menores tempos de agarda cirúrxica; concretamente un tempo medio de espera de 66 días para ser operado, mentres que comunidades autónomas históricas do Partido Socialista, como Asturias ou Castela-A Mancha, teñen 84 e 108 días de agarda ata a intervención respectivamente, e Cataluña 131 días.

Outro dato que demostra o bo facer do Servizo Galego de Saúde é o da porcentaxe de doentes con máis de seis meses de espera. Galicia é a segunda mellor comunidade, só por detrás de Madrid, cun 3,4 % de doentes que teñen que agardar máis de 6 meses. Se comparamos este dato con outras comunidades, vemos como de nefasta é a xestión que están facendo outros partidos. Por exemplo, 13,4 % Castela-A Mancha, 4 veces máis que Galicia; 19,8 % en Baleares, 6 veces máis ata que se fixo o informe, podemos dicir así; 23,7 % en Cataluña, 7 veces máis; e 24,8 % en Extremadura. Ademais é moi salientable o feito de que para os doentes de prioridade un, con patoloxías tempo-dependentes, o tempo de agarda medio é de tan só 16 días, dato que mellora tamén o do ano anterior.

Contra tal evidencia, tanto PSOE como BNG adoitan dicir que os datos están trampeados. Pois, mire, a realidade é ben distinta, porque o prazo para entrar nunha lista de espera comeza –como supoño que saben– cando o doente confirma que quere operarse e firma a súa inclusión. Isto non é un dato que nós inventemos, porque é o dato, é o criterio homoxeneizado nun Real decreto, que é o 605/2003. E, aínda así, contando con estes bos datos, aínda nos últimos anos estanse tomando medidas para mellorar cun plan de intensificación asistencial.



Por último, voume referir xa ao tema que ten que ver coa moción que presenta o Partido Popular, que é a atención primaria e os seus problemas, porque certamente a situación que está atravesando a atención primaria é difícil e non só en Galicia, senón en toda España, pois estamos ante un problema estrutural que ten que ver fundamentalmente –aínda que non lles guste recoñecelo, todas as comunidades autónomas practicamente o din, hoxe podemos ver no periódico unha máis que se suma a esta petición ao Goberno, que é Canarias– estamos ante un problema estrutural que ten que ver fundamentalmente co déficit de especialistas dispoñibles en medicina de familia, que fai case imposible cubrir as prazas nos casos de xubilación, baixas ou ausencias de diverso tipo.

Cal é a situación da atención primaria en Galicia? Miren, nesta lexislatura o Goberno galego creou máis de 400 novas prazas de persoal sanitario neste nivel asistencial, especialmente enfermería, fisioterapia ou farmacia. Desde comezos do ano 2023 incorporáronse tamén os servizos de nutricionistas nos centro de saúde e os equipos de enfermería a domicilio na atención primaria. Ademais, dada a escaseza de persoal médico, potenciáronse as capacidades das restantes categorías profesionais, fundamentalmente da enfermería especialista en familiar e comunitaria.

Tamén desde a Xunta, desde o ano 2009 a Xunta vén seguindo unha liña de renovación dos centros de saúde que se consolidou nesta lexislatura coa aprobación do Plan de infraestruturas de atención primaria. Nos últimos 15 anos, o Goberno realizou actuacións de construción ou reforma en máis de 130 centros por valor de máis de 160 millóns de euros. Polo tanto, cando o PSOE e BNG din que en atención primaria se investiu menos que cando eles gobernaban, a realidade é que o orzamento en atención primaria de 2024 é superior. Os únicos fondos de atención primaria que baixaron nestes anos foron os destinados a receitas de farmacia, e este aforro prodúcese ou produciuse grazas a promover o uso de medicamentos xenéricos, medida que foi boicoteada por certo no 2010 polo Goberno de Zapatero, que se puxo do lado das grandes farmacéuticas. Pola contra, os fondos para persoal de atención primaria elévanse neste 2024 ata o 607,2 millóns de euros, o que supón un incremento de 165 millóns fronte ao ano 2009; esta suba compensa os aforros en receitas.

En realidade os datos que adoitan sinalar tanto BNG como PSOE acostuman ser datos desactualizados porque recorren á súa fonte predilecta, que é a Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública pero que, non obstante, non teñen en conta o informe completo porque, mentres eles utilizan datos do 2020 ignoran os datos actualizados cos orzamentos de 2023, onde se evidencia que a porcentaxe de gasto en atención primaria en Galicia sobre o total do gasto sanitario está polo menos na media española, mentres o orzamento por habitante está por enriba.

Aínda estes días podemos escoitar a señora –levámola escoitando moitos anos– pero a señora Pontón dicir que, como digo, o que xa leva moitos anos dicindo, que é o do reforzo orzamentario da atención primaria, que sempre ten a mesma cifra 200 millóns, independentemente do orzamento da Xunta. En 2018, a señora Pontón pedía 200 millóns, desde entón ata agora segue pedindo 200 millóns, pero o orzamento da Xunta destinado á atención primaria subiu xa, non só eses 200 millóns, senón 400. Se seguirmos co seu razoamento, o problema estaría solucionado xa hai tempo e, porén, segue dicindo que está deteriorado. Sen querer, estannos dando a razón. O problema non está nos cartos, o problema está na falta de especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar, de aí a nosa moción, e para iso temos demandas ao Goberno central que o BNG votou sistematicamente en contra, tanto no Congreso dos Deputados como no Parlamento de Galicia. Aquí está a cuestión que hoxe nos preocupa, porque a falta de profesionais médicos de atención primaria é un problema xeneralizado en



España, como dicía hai un pouco. Dificilmente pode sinalarse a xestión do PP de Galicia como causa, cando o problema se reproduce en comunidades gobernadas tamén polo PSOE, como Asturias ou Castela-A Mancha e noutras comunidades como Cataluña. Todas as comunidades autónomas están tendo problemas para contratar os médicos de familia que necesitan, as listas de contratación están baleiras, non hai profesionais dispoñibles. Por que?, porque nos últimos anos non se formaron suficientes para dar o relevo a unha xeración moi numerosa de médicos que comezou a traballar nos anos 80 e se está a xubilarse agora. De feito, o problema, como é un problema de nivel nacional, o Goberno de España xa tomou o ano pasado unha medida para parchear o problema, aprobou un sistema de xubilación activa para incentivar os médicos de primaria a que continúen ata os 67 anos, podendo cobrar á vez o seu soldo e parte da pensión. Pero, ademais desa medida para que os maiores tarden máis en deixar o sistema, son precisas reformas, de xeito que os novos tarden menos en incorporarse, e niso o Goberno de España non fixo absolutamente nada. Dígoo sobre todo porque o problema non é novo, porque hai anos que se vén anticipando, polo menos xa desde o 2018 xa se encargara a un grupo de expertos traballar sobre esa cuestión e aprobáranse por unanimidade varios acordos de reforma nun Consello Interterritorial. Eses compromisos incluían a reforma dos criterios e requisitos que se exigen para crear novas prazas formativas de medicina de familia, co obxecto de poder aumentar o número de médicos formados e abastecer a atención primaria. Porén, dous meses despois daquel acordo, produciuse unha moción de censura e o PSOE accedeu o Ministerio de Sanidade, e todo aquilo que acordara o Consello Interterritorial co Goberno do PP quedou nun caixón. Desde entón pasaron varios anos, Sánchez nomeou xa seis ministros de sanidade distintos e esas medidas seguen sen resolverse. O Goberno Vasco e o galego asinaron en 2022 un manifesto dicindo ao Goberno de España que fíxese esas reformas nun sistema formativo que é de competencia estatal, unha demanda á que se foron sumando, como dicía antes, diferentes comunidades, a última da que temos coñecemento, Canarias. A pesar da situación e da incapacidade do Goberno central para cumprir coas súas obrigas, o Goberno da Xunta fixo o que pode facer no ámbito da súa competencia.

En definitiva, o que pedimos nesta moción é unicamente que o Goberno central cumpra coas súas obrigacións, cumpra coas peticións que lle están a facer todas as comunidades autónomas de España para permitir o aumento de prazas formativas de medicina de familia e que reverte a privatización que está facendo nos centros penitenciarios.

En definitiva, é certo que todo é mellorable, tamén a sanidade galega. A min encantaríame ter unha pediatra dispoñible 24 horas para as miñas fillas e un médico tamén para min. Sei que non é posible. Os cartos son limitados e temos que distribuílos equitativamente para cubrir as máximas necesidades posibles. Quizais vostedes prefiren gastar os cartos financiando manifestacións. Nós preferimos gastalos resolvendo os problemas que afectan aos nosos veciños. Pero, aínda así, con todas as dificultades e con todos os límites, os galegos podemos estar bastante satisfeitos porque contamos cun dos mellores sistemas de saúde públicos de España e, en consecuencia, do mundo, que se di pronto. Por iso lles pedimos que deixen de enganar cos datos, que deixen de manipular e que deixen, como fan en calquera tema, especialmente cando vén campaña electoral, danar a imaxe de Galicia, porque seguramente nesta cuestión, seguramente, como dicía, todos ou moitos temos diversas tarxetas na nosa carteira, pero hai unha que sempre funciona e que ademais soe funcionar bastante ben, que é a tarxeta do Sergas.

Moitas grazas, señor presidente.



Sr. Fernández Piñeiro

Non sei, se está todo tan ben, para que traen a moción? Teríanos aforrado vostede, ben, a min non, que non teño inconveniente por que fale moito, pero aos seus compañeiros que non lles gusta que se fale moito, teríanos aforrado este tostón que nos acaba de soltar. Dígoo porque, dígoo por vostedes, que a min non me molesta, eu se falara máis non teño ningún problema; á parte estiven atendendo. Seguro que se lle pregunta a algún o que dixo, non quedaría tan ben.

Pero é curioso como o Partido Popular quere competencias para si, exige novas competencias pero, despois, cando son súas, cárgalle o morto ao primeiro que pase por alí. Todo o que ten que ver coa xestión autonómica da sanidade pública está perfecto e resulta que agora a culpa é do Estado porque non convoca máis prazas de médicos, xa o sabía eu. Pero a culpa é do Estado desde o ano 2018. Porque, claro, cando antes de 2018 gobernaba o PP, tampouco era culpa do Estado, sería culpa, de Europa tampouco, gobernaba o PP, pois sería de Marrocos. Igual a culpa era de Marrocos.

Pero hai unha cousa que é curiosa, en 2023, con ese estado tan malo, resulta que a Xunta de Galicia tiña 725 prazas dispoñibles para convocar e resulta que convoca 620; ou sexa, hai 80 que non facían falta. E isto non o digo eu, díxo este señor, que debe ser do seu partido, porque non creo que nomeen independentes: “La Xunta justifica el no convocar todas las plazas de MIR”, Antonio Fernández Campa. Antonio Fernández Campa, que vén sendo o ex-xerente do Sergas. “Antonio Fernández Campa compareció en la jornada de ayer a petición propia en la Comisión de Sanidad del Parlamento, donde justificó que no sean convocadas en Galicia todas las plazas MIR acreditadas en algunas especialidades”. Díxo o señor da Xunta de Galicia, que é do PP, o señor, non a Xunta, non se volvan confundir. E resulta que din que a culpa é do Estado porque non saca máis prazas, e as que sacan non as convocan. É como iso de pedir máis competencias en materia de costas e despois, cando veñen os pellets, ah, amigo, as praias que as limpen os concellos, mar aberto que poñan un helicóptero, e o resto de quen é, quen o sabe? Pois será dun que pase por alí en chalana ou dun que vai nunha canoa.

Pois aquí estamos nunha situación moi parecida. Desde o 2009, datos oficiais, deixaron de convocar 180 prazas de médicos de familia que estaban dispoñibles; é dicir, das prazas MIR que convocaba o Estado 180 que non convocaron vostedes. Por que?, pois non o sei; segundo este señor, non sei por que será, será por vicio. Ou será igual, como esta convocatoria que fixeron vostedes de 2.500 médicos a unha convocatoria da Xunta para cubrir gardas a cambio de sobresoldos e sabe cantos se presentan? 10. Medida estrela da Xunta de Galicia. É curioso.

Desde 2010 a 2022 marcharon de Galicia, marcharon de Galicia, non é dicir que non estudaran Medicina, marcharon de Galicia 1.200 médicos; 1.200 médicos que marcharon de Galicia. Por que?, porque lles gustará o bo tempo noutro sitio ou por vicio tamén. É dicir, un emigra porque si, por gusto, a todos nos gusta emigrar, ese é problema, que despois de tantos gobernos do Partido Popular nesta comunidade autónoma acabamos normalizando a emigración. Pero haberá que preguntarse por que marchan 1.200 médicos de Galicia desde que están vostedes gobernando a Xunta de Galicia. Pero non hai que preguntarmo a min, nin aos partidos políticos, nin aos sindicatos, ímosllo preguntar a quen?, aos colexios de médicos, e sabe vostede o que din os colexios de médicos oficialmente?, que as condicións laborais que a Xunta de Galicia impón aos facultativos nesta comunidade autónoma fan que marchen porque son peores que noutras. Polo tanto, con eses 1.200 que se foron desde que gobernan vostedes, imos poñerlle unha porcentaxe de xente aventureira, que haxa un 20 % que marcharan porque lles gusta viaxar e traballar no estranxeiro, vas, aprendes idiomas e coñeces xente



interesante. Imos deixalo, incluso ata un 40 %, imos deixar que haxa un 60 % que marcharan porque as condicións laborais son as que din os colexios de médicos, que non son boas e que, polo tanto, non fan atractivo que alguén que se forma en Galicia, cos recursos que todos e todas pagamos nas nosas universidades, teña que marchar desta comunidade autónoma. Pois con que regresaran o 60 % deses 1.200 xa teríamos 700 persoas máis en Galicia, médicos para cubrir esa demanda que temos nos centros de saúde. Pero, claro, tampouco vai con vostedes. Que a xente emigre, emigran por vicio, non ten nada que ver coa Xunta. Que os médicos marchan tampouco ten que ver coa Xunta, que a xente non estude Pediatría tampouco ten que ver coa Xunta. Entón non sei para que están vostedes aí. Porque digo eu que algunhas medidas terán que adoptar para promover que a xente estude esa especialidade se é que non hai pediatras. Xa non falo de que fagan algo para que os que marcharon volvan, ou polo menos para que os que acaben de formarse non marchen, pero tampouco vai con vostedes; pois será culpa de Pedro Sánchez outra vez. Todo é culpa de Pedro Sánchez. O día que falte non sei que van facer. Curioso, é curioso.

Hai PAC atendidos só polas enfermeiras en Pontevedra e no Salnés; 46.000 persoas esperando unha operación e 120.000 unha proba diagnóstica –estes son datos da Xunta de Galicia, non os estou inventando eu–, 11.000 nenos sen pediatra –e di vostede “yo soy usuario da sanidade pública”–, pois espero que non lle faga falta con urxencia algún día porque o vai pasar vostede mal. Agora mesmo un compañeiro meu que está sentado aquí, vive nesta cidade, acaba de pasar, fíxoo a propósito, na aplicación da Xunta, pedir cita para o seu médico de cabeceira, danlla dentro de 9 días no centro de saúde do Ventorrillo, 9 días. Non hai ninguén aquí, sexa do partido que sexa que me poida dicir que hai 20 anos tardaba 9 días en ter cita co seu médico de cabeceira, porque tardaba entre un día e dous como moito. Cando a media está entre 9 e 15 días, home, algo fallará. Cando o Estado convoca prazas MIR e vostedes non as convocan, pois algo pasará. E que é o que pasa? Pois pasa algo tan fácil como isto, que o 25 % da atención hospitalaria galega está en mans de empresas privadas. Unha de cada 4 actuacións médicas en atención especializada faise nun hospital privado; o 33 % das intervencións cirúrxicas fanse en hospitais privados; o 27 % de atención en urxencias médicas faise en hospitais privados; o 23 % de consultas externas faise en hospitais privados; de cada 100 euros, 27 van á privada, e sabe quen o di isto? non o di Partido Socialista, nin sequera o din esas asociacións que vostede citou así como quitándolles importancia, desa fonte da que sempre bebemos. Sabe vostede quen o di? Pois dío a xerente de Ahosgal; e sabe vostede que é Ahosgal?, pois Ahosgal é a Asociación de Hospitais Privados de Galicia, é dicir, dío os que están cobrando por facer ese choio. Digo eu que non estará mentindo esta señora porque os datos que está dando son os datos que se reflicten nos contratos da Xunta cos hospitais aos cales representa, polo tanto, aquí xa non hai ningún tipo de manipulación, isto non son “los rojos socialistas de la manifestación”, nin moito menos os que están dando estes datos. Dinos aqueles a quen vostedes contratan. Por tanto, ben, viven vostedes nunha realidade na que os demais non vivimos. Gústame que hoxe, que tamén o fixo o seu compañeiro no debate da Cadena Ser, imaxino que será o argumentario que lles pasa o partido, falan vostedes do CIS para poñelo en valor; non ía sen tempo, non ía sen tempo. É verdade que é ese mesmo CIS que lles dicía a vostede nas xerais que non ían gobernar fronte a todos dicían que si, e tampouco gobernaron; igual lles pasa o mesmo nas autonómicas; eu, por se acaso, iría preparando a maleta, non vaia ser.

Pero, en todo caso, din “ustedes los socialistas, las manifestaciones, las pancartas y tal”, pouco máis que é unha cousa nosa, que temos así ese tema de inventar, pero mire: “Convocan una manifestación en Moaña por la situación del centro de salud; precisamos médicos y recursos suficientes”; “Más de un centenar de personas gritaron en Rianxo No pararemos en defensa de su centro de salud”; “Si hace falta, traigo yo la jeringuilla de



casa, pero que no recorten en médicos. Cerca de 300 vecinos y personal sanitario de Curtis, Sobrado, Vilasantar y Aranga reclaman en Teixeira más personal para los centros sanitarios de los PAC". Iso vivino eu, a miña muller é de alí; chegar a urxencias e non haber médico, porque só hai un e estaba fóra atendendo a xente. E sei dunha persoa que morreu dun infarto nese centro de saúde, ollo! "Cangas se une a las protestas de la sanidad y más de 2.000 personas se manifiestan en Moaña"; "Manifestación este sábado en A Guarda para reclamar más médicos no PAC"; "Oleiros convoca una protesta este domingo ante la Casa do Mar de Mera"; "Siguen las quejas porque en Viveiro non dan cita para algunos médicos ya hasta el 2 de enero"; "O Vicedo protesta por la sanidad y el Sergas dice que la atención es la habitual"; "Corrubedo sigue en pie de guerra para exigir un mismo médico todos los días en su centro de salud"; "Segunda protesta en un mes por la situación del centro de salud de Chantada"; "Convocan unha nova manifestación pola sanidade pública diante do centro de saúde de Marín".

Pois non sei, igual, como di vostede, vivimos noutra realidade, nós e os centos e miles de persoas que se manifestan ou os periodistas, que igual o periodista está inventando e esa foto que son figurantes, son señores de cartolina pode ser tamén. Se total, postos a poñer desculpas... Pero, ben, xa sabemos que a culpa é toda de Pedro Sánchez, ata de que non chova estes días, e falta lle facía, ou de que non houbera xeadas, que os grelos non están saíndo bos este ano. Pois terá tamén culpa Pedro Sánchez.

É tan absurda a súa forma de actuar defendendo o indefendible e non asumindo xamais, xa non digo, home, que o fagan mal, pero polo menos que o podían facer mellor. Porque di vostede "a situación da sanidade é mellorable", pero non dixo: a xestión da sanidade é mellorable, non, porque iso non, porque "nosotros hacemos todo perfectamente, nunca lo hacemos mal". Pero despois pasa o que pasa.

E eu entendo que defenden vostedes o reparto inxusto de recurso da Xunta de Galicia, que lles dean subvencións a dedo, que invistan só nas estradas dos seus concellos, todo iso podo entendelo, pero que defendan vostedes a xestión da sanidade que lles afecta a vostedes mesmos e ás súas familias, porque a maioría dos que estades aquí sodes clase media, como os que estamos aquí e non pagamos sanidade privada, que o estades a padecer, que pedides cita no médico de cabeceira e ides ter que ir a urxencias dun hospital porque nos van a atender ata 9 días despois ou 15 días despois, e ides colapsar esa urxencia, co cal pode haber xente que perda a súa vida, incluso vosoutros, se mañá sufrides un ictus ou un infarto podedes perder a vosa vida precisamente por esa situación da sanidade, paréceme tan pouco humano, xa non vou dicir máis porque non quero extralimitarme nos cualificativos, paréceme tan pouco humano, tan triste que alguén se preste a facer ese papel cando está en xogo a saúde e a vida das persoas que, sinceramente, eu entendo que en política case todo cabe, pero hai cousas que non, hai cousas que non, home porque todos o padecemos e mañá Deus queira que non nos teñamos que ver ningún de nós esperando tirados na porta dun hospital porque non hai camas, ou botar tres días nunha padiola en urxencias porque temos toda unha planta dun hospital pechada. E iso díó calquera e hai centos de centenaes de vídeos, de comentarios, de experiencias da xente que o está a vivir e a padecer.

E logo vén vostede con esa matraca que lle preparou alguén no partido, que está moi ben, pero que no se la cree nadie, que no se la cree nadie, porque todos vemos todos os días o que pasa na sanidade. Eu recordo cando era máis rapaz que ía máis ao médico, agora parece que teño mellor saúde e non vou tanto, tiven o mesmo médico durante 15 anos ou 16, agora xa hai 4 ou 5 polo medio que non coñecín e cada vez que vou hai un distinto. Vostede cre iso que axuda á calidade da sanidade? Vostede cre que



non coñecer o seu paciente, non saber como se expresa, porque hai moita xente que non sabe explicar o que lle pasa e, por tanto, para unha boa diagnose e un bo, digamos para poñer un bo tratamento, tamén hai que saberse explicar e hai moita xente que por desgraza, porque non ten a súa capacidade, porque non estudou, non tiña esa posibilidade de facelo, e por tanto de expresarse adecuadamente, non pode explicar ben o que lle pasa. Cando o médico o coñece despois dun tempo si que sabe por onde vén esa persoa, enténdeo mellor; cando vés cada tres meses cun diferente...

Entón defender aquí algo que todos e todas sabemos o que hai, que a propia patronal dos hospitais privados recoñece. Ben, diga vostede o que considere oportuno, pero difícil papel ten hoxe. A verdade é que, xa digo, imos de cita cinematográfica, que xa empecei onte con este tema, pero: “de los creadores del Pleno extraordinario por la carta famosa y la moción para exigir criterios objetivos en el reparto de fondos llega la superproducción: La sanidad gallega está de maravilla, la culpa es de Pedro Sánchez”. Ben, pois son vostedes un factoría de produción de mentiras, de falsidades e de manipulacións da realidade que a verdade ten moito mérito. Van levar todos os Oscars, os Globos de Ouro ou o que vostedes consideren oportuno, loxicamente, iso si, co apoio, coa axuda e coa utilización partidista que fan dese medios de todos os galegos e as galegas da TVG, que é o que branquea toda esa realidade que todos e todas coñecemos, que é tan gris para que pareza que ilumina a vida de todos os galegos e as galegas, que o único que fai é ensombrecela nos seus dereitos, nas súas liberdades e en todo que todos e todas sabemos. Afortunadamente iso vai cambiar a partir do 18 de febreiro, cando a xente poderá ter acceso a unha transparente información, señor Ben, transparencia da que falaba vostede antes, nunha televisión que pagamos entre todos e todas, e non a que paga o Partido Popular cos cartos dos demais para utilizala politicamente e branquear a situación dunha sanidade que é coñecida por todos e todas.

Si, non sei cal é o problema, Carlos, a pantalla que non dan un serie turca ou que pasa? Digo, digo porque sinalas aí; non, digo turca porque estou perdendo pelo e estaba pensando niso, traizóame o subconsciente pero... Ah, vale, non, dígo polo tema da Deputación da Coruña; vale, nada moi, ben moitas grazas.

Pois nada máis, moi amables.

Sra. Veira González

Reiterar que o Partido Popular vive nunha realidade paralela e que quedou demostrado coa intervención do seu deputado. Segundo vostedes todo o mundo está equivocado menos vostedes, é así, non? O defensor do paciente que di que a situación da atención primaria en Galiza é vergonzosa equivócase, mente, non? Todo o mundo está equivocado. A Asociación Galega de Médicos de Familia tamén está equivocada porque lle está exixindo á Xunta de Galiza que tome estas medidas que traemos nós nesta moción, todo o mundo está equivocado menos vostedes, non? Están equivocados os profesionais, están equivocados os doentes, os profesionais que piden, por favor, que a Xunta de Galiza faga algo e que mellore a situación da sanidade pública galega.

Mire, están vostedes fóra da realidade e ademais menten. Fala vostede de que dos concertos; é que a privatización non son os concertos só, a privatización é que te manden a operarte a un hospital privado, a privatización é que se privaticen servizos de esterilización, servizos de lavandería, etc. Esa é a privatización do Partido Popular. Os recortes tamén implican a privatización. É que parece que vostedes non viven nesta realidade, están equivocados todo o mundo menos vostede. Estaban equivocadas as enfermeiras que foron a Bruxelas porque os seus contratos eran de horas, de días, de semanas, de meses, con sorte de meses. Está todo o mundo equivocado menos



vostedes.

Miren, eu entro na aplicación do Sergas –xa llo dixeron– e non teño cita en 1 ou 2 días, teño cita con sorte dentro de 10 días; dentro de 10 días ao mellor non me serve se teño unha gripe, entón a onde vou?, vou a urxencias, entón satúranse as urxencias. Ese é o problema da súa xestión, ese é o problema da súa xestión, que ao final os hospitais pagan a falta de previsión e a falta de atención nos centros de saúde, onde segue conxelada a carteira de servizos. Non hai servizos de nutrición, non hai servizos de psicoloxía, non hai servizos de fisioterapia, un montón de servizos que aliviarían a atención dos médicos e das médicas de atención primaria. Viven vostedes fóra da realidade. Eu creo que vostedes non son usuarios da sanidade pública. Aquí, nesta cidade cando te operas dun dedo tes 5 meses de lista de agarda, 5 meses para recuperar en fisioterapia. De que me serve a min 5 meses despois de operarme dun dedo ir a fisioterapia no Sergas? De nada. Ou pago cos meus cartos unha fisioterapia privada ou non me serve de nada, e podo ter doenzas crónicas por culpa desa falta de atención en fisioterapia. Ou máis de 2 meses de agarda para a recuperación fisioterapéutica despois dunha operación de corazón, esa é a realidade da miña contorna, pero da contorna de todos os galegos e das galegas.

Vostedes están fóra da realidade e ese afastamento da realidade, esa negación da realidade da vida diaria das galegas e dos galegos vai ser o que poña fin ao seu goberno na Xunta de Galiza, estou máis que segura, porque non poden estar vostedes máis fóra da realidade. Desde logo que están, non sei, non sei de que Galiza falan nin de que Sergas falan cando defenden as súas mocións.

Nada máis.

Sr. Caamaño López

Non vou responder. Xa dixen antes que me estendía un pouco nos datos porque, por moitos datos que lles volva repetir, pois farán o mesmo caso. Só lle digo ao señor Fernández que eu cando o vexo entrar por esa porta desde os meses que estou aquí con tanto papel, pois a verdade que espero, ou esperaba que dixera algo cun pouco máis de rigor, porque a verdade teño que recoñecer, ten unha gran capacidade oratoria, se a aproveitara para ser máis rigoroso en vez de para manipular cada tema que toca, pois sería moito de agradecer.

Por tanto, eu non vou perder o tempo dicindo cousas que lle entran por un oído e saen por outro, simplemente por motivos electorais.

Moitas grazas, señor presidente.

Sr. Fernández

Teña coidado se lle entra algo por un oído porque seguramente a lista de espera sexa bastante longa e acabe vostede xordo.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Ben, procedemos á votación primeiro da presentada polo PSdG e BNG.



VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á defensa da Sanidade Pública

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Por todo o exposto os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñemos ao Pleno da Corporación Provincial o apoio explícito á Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela e a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS)
2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
3. Instar á Xunta de Galicia á apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
4. Instar á Xunta de Galicia á reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
5. Instar á Xunta de Galicia á implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.



6. Instar á Xunta de Galicia a que garanta a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
7. Instar á Xunta de Galicia a reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas.
8. Instar á Xunta de Galicia a elaborar de forma consensuada un Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.
9. Instar á Xunta de Galicia a eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.
10. Instar á Xunta de Galicia a que realice concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.
11. Instar á Xunta de Galicia a restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e de orzamento propio; restituíndo as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
12. Instar á Xunta de Galicia a reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.

Sr. Presidente

E agora votamos a presentada polo Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Son tres preguntas, presidente; las tres, yo creo, van dirigidas al Departamento de Vías y Obras. La primera es de los compañeros de Narón, nos hacen llegar la siguiente pregunta:

O 6 de novembro de 2023 tivo lugar o Consello Territorial de Participación Cidadá correspondente á parroquia de San Xiao de Narón. Todas as persoas presentes nesa xuntanza manifestaron que entre as actuacións prioritarias e máis necesarias para a parroquia estaban a execución do proxecto de ensanche, modificado da estrada de San Xiao, DP-5401, e a execución da senda desde Ferrerías ata a rolda da Gándara de Sedes na DP-5404; e acordaron unanimemente solicitar á Deputación da Coruña,



competente na materia, a realización destas obras. Con data do 15 de novembro do 23, o Concello de Narón deu traslado do dito acordo asinado polos voceiros de todos os grupos políticos por rexistro de entrada na Deputación da Coruña. Por iso, a pregunta que facemos é a seguinte, o Grupo Popular quere saber cal é a situación actual destes proxectos, que prazo de actuación e remate destas melloras ten previstos a Deputación provincial para modificar o ensanche da estrada DP-5401 en San Xiao de Narón e para a senda desde Ferrerías ata a rotonda da Gándara de Sedes na DP-5404. Son actuacións demandadas, e ao remate do Pleno, Mónica, pásolla...

E a outra supoño que a terá máis presente, porque é da súa zona de influencia, é a relativa á seguridade viaria da DP-2302 desde Hospital, na parroquia de Santa Baia de Dumbría, a Brens, no concello de Cee. No mes de setembro do ano 2020, o presidente da Deputación, o señor Formoso, presentou aos medios de comunicación a mellora da seguridade viaria da DP-2302, que vai dende a localidade do Hospital, na parroquia Santa María de Baia de Dumbría a Brens, no concello de Cee. Esta actuación por case un millón de euros incluía tamén 94.000 euros máis para as expropiacións necesarias para a execución deste proxecto. A intervención prevista recollía o aumento da sección da estrada con dous carrís de circulación de 3 metros de ancho cada un e beirarrúas de medio metro. Suavizaríanse tamén as curvas, incluída a execución de carrís de espera e cuñas para facilitar as incorporacións coa mellora a visibilidade e a reposición do firme de todo este tramo. O que queremos saber é que pasou con esta obra porque a empresa abandonou a zona de actuación, está completamente paralizada. Só se actuou no Concello de Dumbría e no resto da estrada só en movementos de terra e ningunha actuación máis. Este tramo da DP-2302 leva máis de 2 anos paralizada e gustaríanos saber cal é a situación actual deste proxecto e que medidas ten pensado tomar a Deputación provincial para rematar este proxecto.

E a terceira é unha pregunta moi sinxela, no seu momento pasouse un proxecto de carrís bici de acceso ou sendas aos faros por parte de actuacións da Deputación da Coruña. En Camariñas, no cabo Vilán, hai un proxecto que está executando o Porto da Coruña que era a mellora do firme de acceso e había un compromiso por parte de Deputación de executar unha senda ciclista que fora ata arriba. Agora mesmo parece ser que a idea é que a Deputación non execute este carril bici. A pregunta é se a Deputación ten pensado executar este carril bici ou non.

Máis nada e grazas.

Sr. Presidente

Procedemos a contestarvos por escrito e con toda a documentación, vale?

Sr. Calvelo Martínez

Un ruego, es breve.

En relación a la diputada Mónica, sobre el proyecto de mejora de seguridad viaria de la DP, la 503, la carretera de Suevos, me comunicaste el 14 de diciembre que había sido adjudicado a Tisa; yo te pregunté y te solicité que, por favor, esa empresa se pusiera en contacto con el concello para también colaborar y aportar para la realización de ese proyecto y hoy es día 2 de febrero y todavía no se han puesto en contacto con nosotros para la realización de ese proyecto. Solo es transmitirle o si puedes el ruego es que se pongan en contacto con nosotros para colaborar en la redacción del proyecto, nada más.



Sra. Rodríguez Ordóñez

Si, certo o que acabas de trasladar e así o fixen; trasladamos á empresa adxudicataria, rogámoslle que se puxera en contacto, acabo de sabelo de que non o fixo, e hoxe mesmo contactaremos coa empresa para que o faga, que así ten que ser. De acordo, grazas.

Sr. Presidente

Pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:06 horas.